





A COLECCIÓN LÓPEZ FERREIRO
DO ARQUIVO-BIBLIOTECA DA CATEDRAL
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M.

A colección López Ferreiro do arquivo-biblioteca da catedral de Santiago de Compostela / Xosé M.

Sánchez Sánchez. — Santiago de Compostela :

Consello da Cultura Galega, 2008. — 221 p. ; 24 cm. — (Fontes para a historia de Galicia ; 10)

D.L. VG 1652-2008. — ISBN 978-84-96530-80-5

1. López Ferreiro, Antonio, 1837-1910. 2. Catedral de Santiago de Compostela (A Coruña). Arquivo-Catálogos. I. Consello da Cultura Galega, ed.

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205

correo@consellodacultura.org

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
MANUEL JANEIRO

ISBN 978-84-96530-80-5

Depósito legal VG 1652-2008

Imprime
Mabel Aguayo, CB
Pontevedra

XOSÉ M. SÁNCHEZ SÁNCHEZ

A COLECCIÓN LÓPEZ FERREIRO
DO ARQUIVO-BIBLIOTECA DA CATEDRAL
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



PRESENTACIÓN

A posta en valor do acervo cultural de noso é un dos compromisos asumidos polo Consello da Cultura Galega desde a súa creación, hai algo mais de vinte e cinco anos, e unha das súas liñas de traballo e iniciativas editoriais.

A esa xa importante oferta ao servizo de investigadores e estudosos vén a sumarse agora *A Colección López Ferreiro do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela*, resultado das tarefas de estudo e catalogación realizadas polo medievalista Xosé M. Sánchez Sánchez.

Antonio López Ferreiro (Santiago de Compostela, 1837–Vedra, 1910), cóengo da catedral compostelá, historiador, arqueólogo e escritor notable, é unha figura sobranceira da historiografía galega do século XIX. Autor de máis de cen títulos, entre os que figuran libros, folletos, artigos e traducións, significouse tamén nos traballos de transcripción e publicación de documentos inéditos a través da súa *Galicia Histórica*. Materiais, documentos e fontes moi diversas que estudou e conservou e que lle servirían para o seu labor, que ben pode resumirse na magna *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Once tomos e 508 apéndices elaborados por encargo do Cabido, do que o historiador era parte.

As publicacións, o legado reunido e a súa atención e coidado a todo ese patrimonio documental e bibliográfico falan da extraordinaria importancia desta colección, que viviu diferentes avatares tras o falecemento do historiador e antes da súa entrega en 2000 ao Arquivo da Catedral. Empezaba así o definitivo rescate do seu legado, que ata ese momento pasara desapercibido, e dábase o primeiro paso para analizar, valorar e catalogar a documentación para xeral coñecemento.

Punto de conxunción da historia coa erudición, o legado documental e bibliográfico de Antonio López Ferreiro convértese agora en obxecto de estudo e interese, en fonte a dispor de historiadores e investigadores, que saberán apreciar as 398 referencias anotadas no libro que o Consello da Cultura Galega agora publica, que se ofrece como necesario complemento da gran contribución historiográfica, cultural e literaria do cóengo compostelán.

Nas vésperas da conmemoración do primeiro centenario da súa morte, que se cumprirá en 2010, temos a honra de ofrecer esta achega que ha servir para que vexan a luz outros traballos sobre a contribución de López Ferreiro, fillo predilecto de Compostela e «bó galego, bó sacerdote, bó historiador e bó literato», como reza a placa colocada na casa onde nacera hai 172 anos.

Ramón Villares
Presidente do Consello da Cultura Galega

PRESENTACIÓN

Antonio López Ferreiro é unha figura verdadeiramente polifacética: arqueólogo, paleógrafo, historiador, literato... Cada unha destas facetas merece un estudo pormenorizado e ben seguros estamos de que no próximo ano 2010, centenario da súa morte, levarase a cabo con especial competencia.

Como home dedicado á historia, López Ferreiro foi un decidido compilador de documentos. Puido manexar de modo moi habitual e directo os que no Arquivo da Catedral estaban ao seu alcance; pero a súa mirada escrutadora chegou a toda clase de arquivos: notariais, colexiais, monásticos, conventuais... Podemos dicir, ademais, que o gran prestixio acadado pola súa sabedoría e bondade abriulle todas as portas, propiciando pescudas e achados.

As facilidades que obtivo deberon de ser totais: extraeu documentos, retirou libros e atados, formou colección propia que, en parte, incorporou puntualmente ao Arquivo Capitular... Os seus últimos anos transcorreron na súa casa de Vilanova, onde seguiu escribindo ata o final, tendo ao seu alcance boa parte da documentación acumulada desde moi distintas procedencias. Consigo tiña, ademais, unha moi boa biblioteca especializada, con sorprendente presenza de autores franceses do século XIX. Así que viviu os últimos anos respirando aires de aldea, na comfortable casa da súa propiedade, caldeada de ambiente familiar.

Ante a súa morte inesperada, que facer co «seu» arquivo e biblioteca? Non había ningunha disposición testamentaria ao respecto. Os que se desprazaron desde Santiago ata Vilanova para visitalo deberon de ser moi poucos... O único sobradamente comprobado foi o P. Avelino García Romero, xesuíta. Fora alumno seu no Seminario e del recibira as orientacións que o levaron a ser arqueólogo insigne e bo cultivador da lingua galega. Foi grande a sintonía entre ambos, e iso explica moi ben que, por decisión de Concha López Ferreiro, irmá e herdeira, documentos e libros pasasen á Residencia dos PP. Xesuítas de Santiago, onde permaneceron ata perderse o coñecemento da súa presenza: todo chegou a considerarse como misteriosamente desaparecido.

O seu último e silandeiro custodio foi *de facto* o P. Francisco Brandariz, bo estudoso da historia de Galicia. Entre os seus colaboradores íntimos estivo o aínda

estudante xesuíta Evaristo Ribera, que terminaría escribindo a súa valiosa obra *Los jesuitas en Galicia*. Nun momento dado considerou oportuno darnos noticia do «tesouro oculto», estimando que o seu verdadeiro destino debía ser o Arquivo da Catedral. Así o considerou tamén o insigne historiador P. José Ramírez de la Escalera, igualmente xesuíta, o mesmo que o P. José María Díaz de Rábago.

Obedecendo a unha decisión do P. Provincial, o mesmo P. Brandariz elaborou un índice completo de todos os libros e atados; fíxose a súa entrega oficial o 12 de xuño de 2000 e quedaron instalados en novos estantes, xustamente baixo o gran retrato de López Ferreiro. Nunha placa de prata pode lerse: *Libros y documentos pertenecientes a López Ferreiro, entregados después de su muerte por su hermana Doña Concepción a los Padres Jesuitas de Santiago, que supieron conservarlos hasta nuestros días, siendo especialmente estudiados por los Padres Celestino García Romero (+1929) y Francisco Brandariz (+1998). El día 12 de junio de 2000 el Padre Joaquín Barrero Díaz S. I., Provincial de Castilla, asesorado por su Consejo, hizo la entrega oficial al Excmo. y Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio Barrio, Arzobispo de Santiago, con destino al Archivo Capitular, en presencia del Excmo. Cabildo Metropolitano, que mandó fijar esta placa en señal de agradecimiento.*

Debe quedar aquí constancia dun dato triste. Do inventario feito polo P. Brandariz, faltaban no momento da entrega os dous títulos que xa de entrada podían suscitar maior interese: o *Libro de Visitas del Colegio Mayor de Santiago Alfeo (1556-59 y 1559-60)* e o *Inventario General de Bienes muebles e inmuebles del convento de Santo Domingo de Santiago (1831)*. Tan lamentable desaparición segue preocupándonos e dela queremos que quede constancia aquí, deixando o camiño aberto para pescudas e reclamacións.

O acervo documental e o conxunto de libros conservado estaban esixindo un estudo pormenorizado e catalogación. É o que levou a cabo Xosé M. Sánchez Sánchez, grazas a un convenio co Consello da Cultura Galega. Doutor en Historia Medieval, cunha extraordinaria tese sobre a Igrexa de Santiago e o Pontificado na Idade Media e o Bulario medieval da Igrexa compostelá, xa é sobradamente coñecido nos medios científicos polas súas numerosas publicacións.

No catálogo que o lector ten nas súas mans reconecerá o intelixente e ponderado labor do seu autor, indo de sorpresa en sorpresa perante unidades de tanta excepción como o Tombo de Santa María a Nova ou o Tombo de Melide, dos que ninguén sabía. Seguramente López Ferreiro pretendía facer o seu estudo con detenimento. Despois de tantos anos, este grande acervo documental e bibliográfico ofrécese aos investigadores con forza nova.

José M.^a Díaz Fernández
Deán e Cóengo Arquivoiro-Bibliotecario
Catedral de Santiago

INTRODUCCIÓN

A COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICA E DOCUMENTAL DE D. ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

Cando, hai xa tempo, pouco antes de iniciar o verán do ano 2000 o cónego arquivista-bibliotecario do Arquivo Catedralicio de Santiago, D. Xosé M.^a Díaz, plasmou en firme a oferta que xa me insinuara de levar a bo porto a catalogación da colección bibliográfica e documental de don Antonio López Ferreiro, e cando puiden comprobar de primeira man o continxente de material co que me enfrontaría, non podo dicir que caese no desánimo, mais si nun profundo respecto. Respecto, por unha banda, pola egregia figura que, tras o paso de décadas, puña agora indirectamente nas nosas mans o seu legado de fontes: un historiador –e, como diremos, *colector*– por min particularmente admirado e respectado; e por outra banda, polo importante e inxente do fondo en cuestión.

Hoxe, xa rematado este laborioso proceso de exame, datación, ordenación... presentamos os resultados. Un catálogo sen máis pretensións que a de servir de axuda para a comunidade investigadora, na medida en que necesite da nosa obra, e homenaxear en certa forma o seu orixinario propietario.

A presente introdución ao catálogo non pretende ser unha obra de investigación, nin sequera achegarse, senón mostrar, máis ben en liñas xerais, o contido da propia colección; é por iso que non abundan as referencias bibliográficas ou indagacións máis aló da pura sistematización da documentación tratada e a súa ordenación.

Faremos agora nosas, finalmente e con toda humildade, as verbas con que o propio López Ferreiro remataba o seu prefacio á *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*:

Vasta es la materia; y más que vasta, intrincada y obscura; pero la benevolencia con que, espero, habrán de ser acogidas estas páginas, si por una parte aquieta mis recelos, por otra me esti-

mula á dedicarme con la enerxía de que sea capaz, al fiel y exacto cumplimiento de mi encargo¹.

1. A colección López Ferreiro do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago

1.1. Breve presentación da Colección

O papel de López Ferreiro, considerado dende o punto de vista que nos ocupa, non é unicamente o de historiador; certo é que estamos ante unha das plumas máis brillantes da historiografía galega do século XX, quizais o primeiro historiador galego verdadeiramente contemporáneo², pero, no caso do presente catálogo, don Antonio é máis un colector. Un colector que, ao longo de toda unha vida dedicada ao estudo histórico e marcada por un interese profundamente diversificado dentro da ciencia histórica –dende a súa formación como arquivista na Escuela Superior de Diplomática ata a súa cátedra de Arqueoloxía no Seminario Conciliar–, logrou reunir como ferramenta para as súas investigacións un enorme e inxente número de fontes: pergameos, atados soltos, libros de fábrica, libros de facenda..., unha variada tipoloxía documental e unhas moi diversificadas temáticas e cronoloxías fan desta colección un elemento fundamental de cara a investigacións futuras.

Tal conxunto non procede unicamente da propia busca persoal, senón que nalgúns ocasións gozaba de contribucións particulares; de aí, por exemplo, que unha serie de papeis da colección estivesen nun sobre coa etiqueta, da propia do cóengo, «Papeles mandados por el cura de Sar».

Como se evidencia por algunhas cartas, López Ferreiro foi moitas veces obxecto de consulta e petición de información, xa fose histórica ou bibliográfica, o que dá idea do prestixio que acadou no seu momento. Aquí temos, en canto á documentación persoal de López Ferreiro, multitude de notas tomadas por el, que nos revelan unha figura verdadeiramente apaixonada pola historia; poderíamos considerar o presente catálogo como unha obra póstuma: non só legou magnas obras históricas, senón tamén unha inxente colección de fontes.

¹ López Ferreiro, A., *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*, t. I, Santiago de Compostela, 1898, pp. 22-23.

² Historiador cunha obra definida por Ramón Villares como «un punto de converxencia da historia coa erudición, do relato cronolóxico-sistemático coa perspicacia do detalle. [...] A historia deixa de ser xeral de Galicia, ao xeito romántico para se converter en monográfica e exhaustiva», erudición que este autor vincula á formación na Escuela Superior de Diplomática e ao traballo en fondos do Arquivo Histórico Nacional ou no Arquivo Catedralicio de Santiago (ACS en diante). Villares, R., «López Ferreiro e a historiografía galega», *Grial*, n.º 66, Santiago de Compostela, 1979, p. 433.


A temática xacobeá ou a preferencia polo tema santiaguista³ é un eido que, malia que se viu xa superado polo propio autor nalgunhas publicacións, vese agora completamente superado no contido deste conxunto bibliográfico-documental, coa presenza de moitos outros temas e referencias.

Cando en 1910 –o 20 de marzo– morre López Ferreiro, todos os seus libros e papeis son doados pola súa irmá, Concepción López Ferreiro, aos Padres Xesuítas, pola amizade que unía o seu irmán co padre Celestino García Romero. En varios volumes da colección bibliográfica atopamos nas contraportadas frases de García Romero testemuñando a entrega deste fondo por *Concha*, como a chama o padre Romero.

Pasado o tempo, o devir levou a que, tras case 90 anos como garantes da conservación deste fundamental conxunto, os xesuítas o doasen ao Arquivo Catedralicio de Santiago, o 12 de xuño do ano 2000, nun acordo asinado entre o P. Joaquín Barrero Díaz, provincial de Castilla, e Julián Barrio Barrio, arcebispo de Santiago, de xeito que foi logo recibido o fondo polo actual cóengo arquivero-bibliotecario, D. Xosé M.^a Díaz. Foi aquí cando, en xullo do 2000, comezou a tarefa de ordenación e catalogación que hoxe culminamos.



A colección no seu conxunto atópase integrada por 398 unidades arquivísticas⁴ –xa sexan atados, libros, pergameos soltos ou follas–, que presentan como protagonistas a máis de 30 institucións.

Aparece o actual catálogo ordenado por número de ficha catalográfica, nun intento de obter, por medio dos índices que se incorporan, unha presentación sinxela e, ao mesmo tempo, funcional.



³ Aspecto destacado por L. Maiz Eleizegui nunha boa biografía de López Ferreiro: «Noticia bio-bibliográfica del M. I. Sr. Antonio López Ferreiro», *Compostellanum*, vol. V, n.º 2, Santiago de Compostela, abril-xuño, 1960, p. 184. Neste sentido podemos destacar, así mesmo, o artigo de M.^a del Pilar Sánchez-Cantón Lenard «Apuntes para la biografía de don Antonio López Ferreiro», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. 15, Santiago de Compostela, 1960, pp. 255-335.

⁴ En diante UA ou UAs.



1.2. Presentación do catálogo

As fichas de catalogación empregadas reflectirán os datos fundamentais tanto para a localización do documento como para un primeiro coñecemento do seu contido. Así, nela o investigador atoparase con: data⁵, rexeito, tradición documental⁶, as referencias de signatura, soporte, número de folios, medidas, notas –en que se

⁵ Coas abreviaturas *s.a.* (sen ano), *s.m.* (sen mes), *s.d.* (sen día) ou *s.l.* (sen lugar). En ocasións, para expedientes ou libros aparecerán datas límite, integradas pola referencia máis antiga e a máis recente identificadas na UA correspondente.

⁶ A: Orixinal. B: Copia notarial. C: Copia simple.

inclúe idioma, estado de conservación e calquera observación pertinente– e referencias, que dan conta dalgunhas referencias bibliográficas no caso de ser oportuno.

Incorpórase, así mesmo, o catálogo do fondo bibliográfico, coa signatura, autor, título, número de volumes da obra que se conserva na biblioteca –no caso de non aparecer sobreentenderase que existe un único volume–, ano e lugar de edición, edición –no caso de non aparecer sobreentenderase que é a primeira–, número de páxinas, idioma e notas coas aclaracións convenientes.

2. A documentación persoal de don Antonio López Ferreiro

A colección que estamos a presentar non é simplemente un grupo documental, un conxunto de atados e pergameos, unha serie de fontes e información histórica. É toda unha vida; é a vida dun home que viviu por e para a investigación histórica; en cada atado, en cada documento, hai moito tempo de estudo, de transcripción ou de análise. Este fondo non permanece inerte, senón que se atopa aínda vivo, porque viva está a memoria do seu colector e estudoso.

Precisamente este carácter de historiador, imbricado profundamente co de cóengo e relixioso, é o que se atopa con máis forza na súa documentación persoal. De toda ela emana gusto e paixón pola historia; notas tomadas en papeis ínfimos, no anverso de recordatorios de defuncións, páxinas anotadas á marxe, multitude de temáticas referidas e tratadas dannos testemuño da enorme vocación e labor deste fundamental persoeiro. É por iso polo que quixemos comezar a presente introdución con este conxunto documental persoal.

Obras como a *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago* non se elaboran con pequenas notas; necesitan dun profundo traballo de busca de fontes, en ocasións non valorado todo o que o merecería. Así contamos, aquí, con enormes atados cheos de copias e referencias a multitude de institucións galegas –pero sobre todo á Igrexa compostelá– entresacadas das máis diversas fontes. En conxunto temos apuntamentos de López Ferreiro que abranguen dende inscricións romanas ata o século XIX e nos que destacan especialmente os relacionados coa época medieval⁷. En moitas ocasións entre as páxinas dos atados hai pequenas notas en cuartillas que non foron movidas do seu lugar, xa que a ordenación responde a un sentido concreto do autor, que as coloca por orde, e preferimos manter tal disposición.

Algunhas das notas están tomadas do baleirado parcial de tombos do ACS, coma os E, G ou H⁸.

Posuímos, igualmente, multitude de transcripcións soltas, notas e referencias en cuartillas soltas que ofrecen un perfecto complemento para darnos idea da

⁷ As referencias son máis ou menos continuadas, con notas e transcripcións distribuídas cronoloxicamente. Catálogo, n.º 169-177.

⁸ Catálogo, n.º 174-175.

forma de traballo deste historiador, ao mesmo tempo que incorporan abundante documentación transcrita (*vid.* gráfica 4).



Hai tamén documentos da propia vida de López Ferreiro; nesta colección non se atopan unicamente os seus documentos e fontes ou notas, senón tamén os papeis persoais. Neste sentido debemos salientar os títulos que recibiu ao longo da súa carreira eclesiástica, dende a primeira tonsura clerical ata o título da orde sacerdotal, en 1862, pasando polo título de bacharel en teoloxía, con nota de sobresaliente, de 1861⁹.

No ámbito persoal hai tamén algunhas cartas, correspondencia que se refire a peticións que lle facían para que facilitase algunha publicación ou fonte.

Un conxunto de papeis e manuscritos que combina a información sobre un personaxe fundamental para a investigación histórica contemporánea en Galicia e fóra dela, coa pura documentación e tratamento de fontes, que, cun estudo pormenorizado, pode achegar referencias quizais non coñecidas.

3. Documentación da cidade de Santiago


A presenza da cidade de Santiago neste fondo documental non se remite unicamente á igrexa compostelá –destacada certamente, como veremos máis adiante–; os estudos e fontes recompilados por López Ferreiro, a pesar de teren unha orientación marcadamente eclesiástica, non deixan de lado o interese por temáticas e ámbitos «leigos».

Aínda que neste sentido, e en referencia á urbe compostelá, contamos soamente con 5 UAs (*vid.* gráfica 5), son salientables os protocolos notariais, algúns de mediados do século xv, que poden axudar a definir a evolución do núcleo na transición do medievo á modernidade. En concreto referímonos a un libro non rea-

⁹ Catálogo n.º 166.

lizado propiamente por López Ferreiro, senón polo padre Celestino García Romero en 1918, que debeu de encadernar documentación solta, e cun índice do arquivero Pablo Pérez Costanti. Neste volume insírense, en 331 folios, documentos orixinais e copias notariais con datas límite entre 1446 e 1520¹⁰, e que conteñen dende testamentos ata poderes notariais, de forma que constitúen un dos elementos máis antigos, en canto a protocolos notariais, do ACS.

Gráf. 5. Distribución temática da documentación da cidade de Santiago



Estas fontes teñen o seu complemento, dentro da colección, no conxunto de bulas e documentos impresos relacionados coa cidade de Santiago e institucións compostelás dende finais do século XVII¹¹, pero principalmente no libro de notas do notario compostelán Roi Pereira, do ano 1494¹², de maneira que conforman en conxunto un importante *corpus* de información que, estamos seguros, servirá como guía ou colaboración en multitude de estudos.

4. Documentación relacionada con confrarías

Podemos considerar a documentación relacionada con diversas confrarías como un conxunto relativamente homoxéneo, en canto á temática e tipoloxía das UAs.

Táboa 1. Confrarías e UAs relacionadas

Confrarías	UAs
Confraría da Quinta Angustia	5
Confraría de Nosa Señora de Pastoriza	1
Confraría de San Xulián	1

¹⁰ Catálogo, n.º 233.


¹¹ Catálogo, n.º 283.

¹² Catálogo, n.º 234.

A documentación á que nos estamos a referir está integrada fundamentalmente por libros, non atados soltos, e todos eles con información dos séculos XVII e XVIII. Tal información resulta especialmente rica no caso da confraría de Nosa Señora da Quinta Angustia, para a que contamos con cinco libros –tres de fábrica, con datas límite 1743-1772, 1775-1868 e 1793-1810, e dous libros de facenda (1635-1830 e 1693-1710)¹³. Estes dous conxuntos permiten a reconstrución e seguimento da vida da confraría, principalmente dende finais do século XVII e na transición ao XVIII. Destaca, neste sentido, o libro de contas en que se recollen referencias á documentación que estaba anteriormente no tomo da confraría e que, por perda do libro, foi necesario copiar de novo, nun volume con 173 folios, dos que unicamente 14 están escritos.

Mentres que no caso das confrarías de San Xulián e de Nosa Señora de Pastoriza atopamos soamente un libro para cada unha –un libro de facenda (1773-1836) e un libro de fábrica (1638-1839), respectivamente–, no caso da Quinta Angustia (*vid.*, táboa 1 e gráfica 6) a combinación das informacións existentes nos diversos libros pode permitir formar unha idea e indagar sobre a evolución desta institución na Idade Moderna.

Gráf. 6. Distribución temática da documentación da confraría de Nosa Señora da Quinta Angustia



5. A Igrexa de Santiago

Se hai unha institución que marcou e influíu, tanto persoalmente como no decurso do seu labor como historiador, na vida e traballo de López Ferreiro esa é a igrexa de Santiago. Así o testemuñan edicións de documentación na *Galicia Histórica. Colección Diplomática* ou a magna *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*, así como profundos e profusos estudos nas mesmas obras, principalmente na segunda, básica

¹³ As datas límite están postas en función das referencias límite que puidemos identificar nos documentos e UAs, o que non implica que a información sexa continuada entre as dúas datas. Catálogo, n.º 225-229.


e capital para o coñecemento da institución compostelá e que, no seu conxunto, non foi superada aínda hoxe, un século despois do inicio da súa edición.

Tendo en conta isto, é normal que un dos conxuntos documentais con maior presenza nesta colección sexa o relacionado coa catedral compostelá e que se atopen multitude de documentos tomados por López Ferreiro como fonte nos seus estudos.

Tal conxunto está integrado por 30 UAs (vid. gráfica 7), con documentación principalmente do período moderno. Saliéntanse como atados/unidades máis antigos o traslado da petición de axuda e requirimento que o arcebispo compostelán don Rodrigo de Luna fixo a diversos nobres galegos en febreiro de 1407, para que o acompañasen á guerra na axuda do monarca, un requirimento que se repite con posterioridade, dende a institución compostelá, e recollido noutro protocolo de 1458¹⁴.

É salientable, así mesmo, a información da organización e actividade da tenza de Santa María de Arcos da Condesa, nun libro de facenda no que se recollen foros, preitos e transaccións diversas relacionadas con esta entidade, entre as datas 1446-1615¹⁵. Neste sentido tamén as igrexas de Santa María de Iria e Santiago de Padrón teñen presenza destacada, cun libro de mordomía no que se anotan as contas tomadas aos mordomos de ambas as dúas igrexas entre 1690 e 1732¹⁶.

Gráf. 7. Organización temática das UAs relacionadas coa Igrexa de Santiago



Contamos ademais, no seo dos protocolos notariais, cos testamentos dalgúns cóengos da institución –do século XVII– aínda que non orixinais, senón trasladados. En concreto os testamentos do prior e cóengo D. Xoán Vidal (1582, xaneiro, 19) e do maxistral D. Xoán Xirón de Represa (1592, maio, 23)¹⁷.

¹⁴ Catálogo, n.º 258.

¹⁵ Catálogo, n.º 273.

¹⁶ Catálogo, n.º 275.

¹⁷ Catálogo, n.º 267-268.

Un conxunto, malia que, como veremos, é algo máis disperso e de entidade máis reducida que o de San Martiño Pinario, que deixa ver a importancia que o tema da igrexa de Santiago tivo en López Ferreiro; as informacións desta sección teñen o seu complemento nas referencias e transcripcións existentes na documentación persoal de López Ferreiro, así como nalgúns pergameos orixinais en pergameos soltos.

6. O mosteiro de San Martiño Pinario

O de San Martiño Pinario é, xunto co da Igrexa de Santiago e o de Pergameos soltos, un dos conxuntos documentais máis interesantes da colección e, probablemente, o máis completo. A integración de tipos documentais e información moi variados (*vid.* gráfica 8) permite reconstruír ou apontoar as consideracións sobre as liñas de desenvolvemento do mosteiro, principalmente na Idade Moderna.

Neste sentido, debemos salientar o importante continxente de información para os séculos xv e xvi. Así, temos expedientes de anexión de diversos beneficios dende 1409 ata 1802, pero o principal período reflectido –e con maior continuidade– é o de 1409-1581¹⁸; adoitamos atoparnos aquí cos expedientes de anexión e os títulos de posesión dos beneficios respectivos.

Tamén deste período contamos cunha bula de Alexandre VI, referente ao subsidio do mosteiro¹⁹, libros de foros e facenda, de 1501-1509 e 1501-1503 respectivamente²⁰, ou diversos protocolos notariais relacionados coa institución dende a segunda metade do século xv²¹. Uns protocolos notariais de San Martiño integrados por 15 UAs que se estenden ata 1784.

Todo isto vese completado polos documentos medievais orixinais da institución que se atopan en pergameo solto, moitos deles os orixinais dalgunhas copias que M. Lucas Álvarez localizou rexestadas ou copiadas e recollidas como integrantes do Arquivo de San Martiño²².

Obtemos así unha información continuada e relativamente homoxénea que permitirá indagar amplamente na evolución do mosteiro dende a baixa Idade Media e na transición e evolución ao longo da Idade Moderna.

¹⁸ Catálogo, n.º 2-34.


¹⁹ Catálogo, n.º 36.

²⁰ Catálogo, n.º 38 e 40.

²¹ Podemos destacar o libro de notas do notario Xácome González, con instrumentos relacionados con esta institución (1469-1480). Catálogo, n.º 43.

²² Lucas Álvarez, M., *El Archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, 2 tomos, Santiago de Compostela, 1999.

Gráf. 8. Organización temática da documentación relacionada co mosteiro de San Martiño Pinarío



7. Sancti Spiritus de Melide

A documentación relativa ao mosteiro melidense de *Sancti Spiritus* merece tamén unha referencia individualizada pola importancia e linearidade que ofrece. A pesar de contar soamente con 4 UAs, a continuidade e profusión da información fan que sexa verdadeiramente salientable (vid. gráfica 9).

Repítese aquí o mesmo que ocorría para os documentos do mosteiro de San Martiño Pinarío, no sentido da sucesión da información e da posibilidade de estudo do tránsito da Idade Media á Moderna, co aliciente de contar cun tomo medieval da institución, o denominado *Libro 1º de Mellid*²³, tomo do que se coñecía a súa existencia pero non o seu paradiro²⁴.

Este libro, en pergameo, contén, ao longo de 90 folios, copias da documentación relacionada con esta institución dende 1379 ata 1553, e foi, pola súa importancia, restaurado polo ACS; atópanse aquí referencias ás propiedades e posesións explotadas por *Sancti Spiritus*, como doazóns, e destaca a dos bens anteriormente pertencentes ao Temple²⁵. Se ao tomo lle engadimos un libro de foros (1541-1543) e outro de facenda (1544-1675)²⁶, atopámonos coa posibilidade de seguir ou polo menos iniciar con solvencia un seguimento –o mesmo que para San Martiño Pinarío– da evolución de *Sancti Spiritus* de Melide dende a Idade Media ata a modernidade.


²³ Catálogo, n.º 279.

²⁴ Primo Barja, M.ª Dolores; Broz Rei, X. M., «Libro Becerro do convento franciscano de Sancti Spiritus de Melide (continuación)», *Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Museo da Terra de Melide*, n.º 11, xullo, 1998, A Coruña, p. 259.

²⁵ Este tomo, en concreto a documentación relacionada coa Orde do Temple, foi xa obxecto dun estudo realizado pola nosa banda: Sánchez Sánchez, Xosé M., *Milites Templi. A Orde do Temple na vila de Melide*, Melide, 2006.

²⁶ Catálogo, n.º 123 e 125.

Gráf. 9. Organización temática da documentación relacionada co mosteiro de Sancti Spiritus de Melide



8. O mosteiro de San Domingos de Santiago

O *corpus* documental existente no caso do mosteiro compostelán de San Domingos de Bonaval atópase integrado por 10 UAs (vid. gráfica 10), que se concentran cronoloxicamente nos séculos XVI-XVII.

Neste conxunto cobra especial importancia a relación plasmada na documentación entre a institución monástica e a casa de Altamira. Por unha banda contamos cun protocolo notarial de finais do século XV no que o conde de Altamira, don Lope Sánchez de Moscoso, doa a San Domingos todas as rendas e posesións que tiña nas freguesías de San Xoán de Carbia e Sabreso²⁷; pero é no século XVII cando máis documentada se atopa tal relación, polo menos neste fondo documental. Así, temos que mencionar un libro do mosteiro no que se recollen as fundacións realizadas pola casa de Altamira, con datas límite 1652-1731²⁸. A isto pódese engadir unha serie de protocolos que testemuñan pagos de débedas de don Antonio de Moscoso, conde de Altamira, para con San Domingos²⁹.

Por último, e relacionado co mosteiro, destaca o testamento de dona Urraca de Moscoso, viúva de Pedro Osorio, do 28 de outubro de 1498³⁰, onde dispón ser enterrada no mosteiro de San Domingos, na capela que alí tiña; ademais realiza diversas doazóns á institución e dispón a decoración da propia tumba e da capela. Un preciosista e curioso documento³¹.

²⁷ 1499, abril, 2. Catálogo, n.º 113.


²⁸ 1499, abril, 2. Catálogo, n.º 114.

²⁹ Catálogo, n.º 120-121.

³⁰ Catálogo, n.º 118.

³¹ Un documento cuxo orixinal se cre perdido, pero ao que se fai referencia nos tombos de San Domingos de 1626 e 1702. De aí que salientemos a presenza do texto íntegro, un texto xa publicado por López Ferreiro en López Ferreiro, A., *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, t. I, Santiago de Compostela, 1901, pp. 438-447, doc. C.

Gráf. 10. Organización temática da documentación relacionada co mosteiro de San Domingos de Santiago



9. Outra documentación salientable

Na presente epígrafe facemos referencia a aquelas institucións e/ou protagonistas que contan con menor presenza documental e que responden, a meirande parte, a atados de protocolos notariais da Idade Moderna.

A presenza de atados de notarios de diversos lugares –como pode ser o caso de Pedro López Basadre, da cidade da Coruña, Xoán García, da vila do Grove, ou Alonso de Reino, da vila de San Tomé do Mar– é a que marca o presente conxunto, que se refire, en xeral, a cidades, vilas ou núcleos de poboación de relativa entidade (*vid.* táboa 2). Neste senso o continxente principal de información corresponde aos séculos XVII e XVIII, con algunha excepción, como é o caso da documentación relacionada coa Guerra da Independencia. Esta atópase integrada por instancias e requirimentos: 45 atados en que se recollen os requirimentos e protestas realizados ao gobernador civil e militar da provincia e cidade de Santiago durante a Guerra da Independencia, no período de entre o 9 de outubro de 1809 e o 4 de maio de 1810³²; unhas queixas relacionadas, principalmente, co pago de impostos e sostemento das tropas durante o conflito.

Os diversos libros e atados de protocolos notariais de escribáns e notarios dos diferentes núcleos serán unha boa guía, tanto para consultas puntuais como para unha análise da actividade notarial, quizais comercial, etc. na Idade Moderna. A tipoloxía da documentación copiada en tales atados é moi variada, dende vendas ata testamentos, pasando por aforamentos, compras ou acordos entre varias partes. Destacan aquí os 6 atados do notario da freguesía de San Mamede de Piñeiro, don Lucas de Limeres e Senra, que nos ofrecen completa información da súa actividade nos anos 1749, 1761, 1765, 1767, 1768 e 1779³³.

³² Catálogo, n.º 61-105.

³³ Catálogo, n.º 238-243.

Nalgúns casos determinados protagonistas están presentes nun único documento, como é o caso da familia López de Ulloa, unha excepción no presente catálogo, xa que non se trata propiamente dunha institución ou núcleo. Neste caso atopamos un único atado en que se copia documentación do século xv, en concreto os testamentos de Gonzalo Xores e Lope Sánchez de Ulloa, ou a fundación do morgado do propio Lope Sánchez de Ulloa³⁴.

Atópase tamén unha única UA da freguesía San Martiño de Oroso: o libro de fábrica con referencias ao período entre o 28 de febreiro de 1697 e o 19 de xullo de 1799³⁵.

É tamén salientable un memorial relativo a todo o Reino de Galicia que pon de relevo o enfrontamento entre o estamento clerical e a clase nobiliaria canto á apropiación de recursos económicos a finais do século xviii. Aquí os mosteiros da orde de San Bernardo rexeitan a reclamación de diversos señores do Reino de Galicia que pretendían a revisión de foros coa súa mediación –unha práctica de importante rédito para a clase nobiliaria–; os relixiosos aducen que o beneficio xa é maior para os foreiros que para eles mesmos e incorporan, ao final do escrito, unha táboa que reflicte os ingresos percibidos por estes foreiros e os que quedan para as institucións eclesiásticas³⁶.

Táboa 2. Institucións e documentación de menor presenza na colección López Ferreiro

Cidade da Coruña
Confraría de Nosa Señora de Pastoriza
Confraría de San Xulián
Conventos Franciscanos
Guerra da Independencia
Hospicio Novo de Santiago
Hospital Real de Santiago
Igrexa Catedral de Lugo
Igrexa Catedral de Ourense
Illa de Arousa
López de Ulloa
Reino de Galicia
Santo Antoiño de Toques
San Mamede de Piñeiro
San Mariño de Oroso

³⁴ Catálogo, n.º 45.

³⁵ Catálogo, n.º 1.

³⁶ Catálogo, n.º 128.

 San Xusto de Toxos Outos

 Santa María a Nova

 Santa María de Arzúa

 San Tomé do Mar

 Vila do Grove

 Vila de Pontevedra

 Vila de Vigo

Especial referencia debemos facer, na presente epígrafe, á documentación relativa a Santa María a Nova e á de San Xusto de Toxos Outos. No primeiro caso atopamos como única UA un tomo con documentación do século XVI, copiada por orde do P. Fr. Domingos de Porto³⁷. Moita documentación desta colección permitirá, como neste caso, definir ou completar as liñas de evolución de diversas institucións en puntos que ata o de agora podían estar faltos ou algo coxos de información.

En canto ao mosteiro de San Xusto, a súa documentación atopada durante a catalogación da colección conformaba un conxunto por si mesma, gardada por López Ferreiro toda xunta. Unha documentación que abrangue dende 1349 a 1405, con 9 pergameos³⁸ que teñen o seu complemento nalgúns outros pergameos soltos que se atopaban fóra de tal conxunto.

Unha serie de seccións, por tanto, que aquí simplemente introducimos pero que non polo reducido do seu contido perden un ápice do interese que poden suscitar.

10. Pergameos soltos

Este é un dos conxuntos documentais máis interesantes da colección e un dos principais. Aquí podemos constatar a recuperación de diversos documentos orixinais dos que se coñecía a súa existencia pero descoñecía-se o paradiro.

O conxunto comeza xa cunha curiosa copia da fundación do mosteiro de Caaveiro, que presenta a particularidade de ter a datación do documento falseada, xa que aparece rascado o pergameo, borrada a escritura orixinal e, por riba, a data *D*, 500 –na era hispánica, 462–, cando o documento sería do 977. Descoñecemos a causa deste erro ou falseamento, que se indica no volto do pergameo, pero existen estudos en que se refería a existencia desta copia ou, cando menos, dunha similar³⁹.

³⁷ Documentación con datas límite 1519, xaneiro, 18–1581, febreiro, 14. Catálogo, n.º 281.

³⁸ Tivemos xa a oportunidade de editar a transcripción de tales pergameos de San Xusto: Sánchez Sánchez, Xosé M., «Unha primeira pedra: documentación inédita de San Xusto de Toxosoutos», *Compostellanum*, vol. XLVII, n.º 3 e 4, Santiago de Compostela, 2002, pp. 413-438.

³⁹ Gurruchaga Sánchez, Marina, «La fundación del monasterio de Caaveiro (La Coruña): nueva documentación», *Faventia*, 21/2, 1999, pp. 129-141.

Atopamos tamén diversos documentos orixinais de institucións como San Martiño Pinario, San Paio de Antealtares ou San Salvador de Cinís incluídos no xa mencionado Arquivo de San Martiño Pinario, cuxo rexesto elaborou M. Lucas Álvarez⁴⁰.

Resultan puntualmente interesantes os documentos 306 e 381. No primeiro caso trátase do testamento da especieira compostelá Elvira Pérez, documento recollido por Clara Cristela Rodríguez na colección documental do mosteiro de Santa Clara de Santiago, sen que se coñecese naquel momento o paradiro deste orixinal⁴¹; e no segundo estamos a falar dun bifolio pertencente a un breviario do século XIII, xa referido por López Ferreiro⁴², no que se insiren fragmentos do Códice Calixtino, orientado probablemente a un uso máis cotián do que podería permitir o propio códice.

Facemos aquí unicamente unha presentación xeral e salientamos soamente algúns dos aspectos interesantes cos que nos atopamos durante o proceso de catalogación, aspectos que se verán, de seguro, incrementados cun tratamento máis pormenorizado.

11. A biblioteca de López Ferreiro

A erudición á que facía referencia Ramón Villares, e que mencionamos no inicio da presente introdución, non se reduce, en López Ferreiro, ás referencias documentais, senón que está presente tamén na enorme bibliografía manexada. Unha bibliografía da que moitos títulos integraban a biblioteca persoal do cóengo e que agora forman unha unidade co apartado documental que presentamos.

Así, completando o catálogo documental, presentamos un segundo catálogo, o bibliográfico, integrado polos volumes pertencentes á súa biblioteca persoal. Atópase tal catálogo organizado por fichas catalográficas, numeradas novamente dende o 1 —é dicir, independentes do catálogo da documentación—, que recollen os datos esenciais das obras.

Tanto os temas como a procedencia dos volumes son moi variados, nun catálogo integrado por 200 entradas e que abrangue as máis diversas e amplas temáticas. Así atopámonos dende libros de arqueoloxía, especialmente a relacionada coa época medieval, ata volumes sobre filosofía, antropoloxía ou incluso matemáticas ou ciencias naturais. Temos ante nós parte das ferramentas coas que o insigne cóengo edificaba os seus discursos históricos, non só con bibliografía nacional senón tamén internacional. Diversos son os títulos interesantes: a *Histoire*

⁴⁰ Lucas Álvarez, M., *El Archivo*, cit.

⁴¹ Rodríguez Núñez, Clara Cristela, «La Colección diplomática de Santa Clara de Santiago», *Liceo Franciscano*, XLV, Santiago de Compostela, 1993, p. 90, doc. 423. Catálogo, n.º 306.

⁴² López Ferreiro, A., *Historia*, cit., t. I, p. 451.

des persecutions de Paul Allard⁴³, a serie de actas dos congresos científicos internacionais católicos de 1894 a 1897⁴⁴, o dicionario de M. Viollete-Le-Duc de arquitectura francesa dos séculos XI-XVI⁴⁵ ou o glosario de arqueoloxía medieval de Victor Gay⁴⁶, entre outras moitas obras.

A cronoloxía desta biblioteca abrangue dende o século XVII ata os principios do XX, aínda que debemos realizar unha especial e excepcional mención: de anterior datación consérvanse diversos fragmentos impresos dun volume probablemente do século XV –quizais do misal compostelán. Destacan ademais obras como unha edición da Crónica do Emperador Alfonso de Prudencio de Sandoval, do ano 1600⁴⁷, ou unha extensa bibliografía de tema xacobeo.

Inclúense ademais diversos volumes de publicacións periódicas como o *Boletín de la Real Academia de la Historia*, o *Boletín de la Real Academia Gallega* ou o boletín da Sociedade de Excursións.

Chegamos así á fin desta breve presentación. Reiteramos o noso interese de que a presente publicación sexa unha útil ferramenta para aqueles investigadores que precisen da consulta destes fondos, para aqueles que procuren unhas determinadas fontes que se poidan atopar nesta colección do ACS e para todos aqueles con interese na historia de Galicia. Pero, sobre todo, que sexa unha pequena homenaxe para un dos máis brillantes historiadores do devir investigador galego: don Antonio López Ferreiro.

⁴³ Allard, Paul, *Histoire des Persécutions pendant les deux premiers siècles*, 2ª ed., París, 1892. Catálogo, n.º 140-141.

⁴⁴ Catálogo, n.º 120-134.

⁴⁵ Viollet-Le-Duc, M., *Dictionnaire raisonné de l'Architecture française du XI^e au XVI^e siècle*, París, 1868. Catálogo, n.º 25.

⁴⁶ Gay, Victor, *Glossaire archéologique du Moyen Age et de la Renaissance*, 4 vols., París, 1887. Catálogo, n.º 40.

⁴⁷ Sandoval, Prudencio de, *Crónica del ínclito emperador de España, don Alonso VII, deste nombre rey de Castilla y León, hijo de don Ramón de Borgoña, y de doña Hurraca, reyna propietaria de Castilla*, Madrid, 1600. Catálogo, n.º 152.



CATÁLOGO DA COLECCIÓN LÓPEZ FERREIRO
ARQUIVO-BIBLIOTECA DA CATEDRAL DE SANTIAGO

DOCUMENTACIÓN



1

1601 – 1733. San Martiño de Oroso.

Libro de contas da freguesía de San Martiño de Oroso, tomadas aos sucesivos mordomos da fábrica da igrexa.

A.- ACS, LD 1/1. Orixinal. Papel. 315x225 mm. Foliado en parte; 283 fols. Castelán. Estado regular.

2

1521, xullo, 5 – 14. S.l.

Expediente de anexión da terceira parte do beneficio de Santa María de Rus e a cuarta parte do de San Cibrán da Vila de Abade. Inclúe os títulos de posesión.

B.- ACS, LD 1/2. Copia autorizada. Papel. 314x250 mm. Castelán. Restaurado. Bo estado.

Formaba conxunto con n.º 337 (LD 28/8) pero foron separados para a súa restauración. Anotación: *Caja 4. A 1. Prosigue a la pieza 12.*

3

cc. 1425, s.m., s.d. S.l.

O Cabido e o arcebispo de Santiago dan conta ao mosteiro de San Martiño Pinario do proceso de anexión dos beneficios de San Cibrán da Vila de Abade, San Vicente de Niveiro, Santo Estevo de Saiáns e San Cristovo de Xavestre, así como do gozo das rendas e presentacións.

B.- ACS, LD 1/3. Copia autorizada dos ss. xvii – xviii. Papel. 294x415 mm. Latín. Bo estado.

Anotación: *Cajón 4. A. Pieza 3.*

Bibl.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, t. I, A Coruña, 1999, p. 188 e t. II, p. 900.

4

S. XVI.

Atado de copias de 10 documentos pontificios, principalmente do século XVI, relacionadas coas anexións de beneficios do mosteiro de San Martiño Pinario.

B.- ACS, LD 1/4. Copias autorizadas. 10 fols. Latín. Bo estado. Papel.

5

S. XVI.

Atado de copias de 40 comunicaci3ns pontificias, na súa maior parte do século XVI, relacionadas coas anexións de beneficios do mosteiro de San Martiño Pinario.

B.- ACS, LD 1/5. Copias autorizadas. Papel. 305x228 mm. 41 fols. Latín. Bo estado.

6

1521, maio, 26 – 1806, setembro, 11. S.l.

Posesión do mosteiro de San Martiño Pinario do beneficio e igrexa de San Xiao de Grixalba, que pertencía a San Salvador de Cines, anexo de San Martiño. Inclúese copia de 1806, setembro, 11 de: un título de continuaci3n da posesi3n en virtude dunha bula de León X, pola que se confirman a San Martiño as súas anexións; e referencias ás diversas sentenzas dos preitos relacionados cos devanditos beneficio e igrexa.

C.- ACS, LD 1/6. Copia simple. Papel. 325x208 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

Anotaci3n: Caj3n 4. A 1. Pieza 7.

7

1521, xuño, 18. S.l.

Título de continuaci3n da posesi3n do beneficio de San Vicente de Moruxo ao mosteiro de San Martiño Pinario, en virtude dunha bula de León X que confirma á instituci3n as súas posesi3ns e anexións. Anéxase unha copia.

B.- ACS, LD 1/7. Copia autorizada. Papel. 312x222 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotaci3n: Caja 4. A 1. Prosigue a la pieza 5.

8

1521, xuño, 19. S.l.

Continuación do título de posesión do beneficio de Santa Cruz de Mondoio do mosteiro de San Martiño Pinario, en virtude dunha bula de León X pola que se confirman as posesións e anexións da institución. Anéxase unha copia.

B.- ACS, LD1/8. Copia autorizada. Papel. 313x219 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

9

1521, xuño, 19. S.l.

Título de posesión do beneficio de Santiago de Adragonte, e no que se remite a unha confirmación das anexións de San Martiño Pinario realizada por León X.

B.- ACS, LD 1/9. Copia autorizada. Papel. 315x220 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 4. A 1. Prosigue a la pieza 6.*

10

1540, febreiro, 20. S.l.

Expediente de revogación, polo xuíz apostólico Fr. Diego de Salinas, da anexión dos beneficios de San Pedro de Ardemil e Santa Baia de Faramilláns, a petición do mosteiro de San Martiño Pinario. Insírese traslado dun breve de Clemente VII polo que se ordena o nomeamento de xuíz apostólico para investigar a anexión (1533, abril, 19).

B.- ACS, LD 1/10. Copia autorizada. Papel. 299x205 mm. 12 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 1.*

11

1544, maio, 10. Santiago de Compostela.

Expediente de anexión dos beneficios de Santa María de Roo e San Tirso de Cando, ambos do padroado de San Martiño Pinario. Inclúe o título arcebispal de anexión.

B.- ACS, LD 1/11. Copia autorizada. Papel. 305x210 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 2.*

12

1540, agosto, 9 – 1694, novembro, 26. Santiago de Compostela.

Expediente de anexión do beneficio de Santa María de Caleiro, de padroado de San Martiño Pinario, co colexio fundado polo arcebispo compostelán D. Alonso de Fonseca III. Inclúe: petición á Universidade de Santiago dunha copia da escritura de conformidade de San Martiño Pinario; o claustro pide ao seu secretario, Xacobo González, que atope o documento no arquivo e saque copia; copia da conformidade do mosteiro de San Martiño Pinario coa anexión a perpetuidade e coa reserva da renda por padroado de 12 cargas de pan. Inclúe outra copia anexa.

B.- ACS, LD 1/12. Copia autorizada. Papel. 321x211 mm. 10 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Caja 5. A. 1. Pieza 3.

13

1557, xuño, 27 – 1568, marzal, 6. Santiago de Compostela.

Expediente de anexión da capela da Luz, na freguesía de Santa María de Cambre, ao propio mosteiro de Santa María de Cambre. Inclúe a ratificación da unión, co traslado e copia do título de anexión e da toma de posesión.

B.- ACS, LD 1/13. Copia autorizada. Papel. 301x211 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Caja 5. A 1. Pieza 5.

14

1558, xaneiro, 19. Vilagarcía de Arousa.

Expediente de anexión da capela de Santa María Madalena ao priorado de San Cibrán de Cálago, en Vilanova de Arousa e que pertencía ao mosteiro de San Martiño Pinario. Inclúese: o proceso e sentenza da petición do mosteiro para que, quedando vacante o beneficio, non fose alleado do priorado; copia dunha bula do papa Xulio II na que ordena que todos os beneficios que por vacante foran alleados a comunidades da Orde de San Bieito lles sexan recuperados e anexionados de novo. Xúntase copia simple.

B.- ACS, LD 1/14. Copia autorizada. Papel. 313x219 mm. 18 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Caja 5. A 1. Pieza 4.

15

1568, novembro, 27. Lugo.

Expediente de anexión do beneficio curado de Santa Ouxea, da diocese de Lugo e vacante pola morte do seu reitor, Gregorio Cid, e da capela con cura de San Paio de Paradela, anexión que durará o tempo da vida do novo reitor, Pedro Rodríguez de Souto. Inclúe: título de anexión da Catedral de Lugo.

B.- ACS, LD 1/15. Copia autorizada. Papel. 302x213 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 8.*

16

1576, febreiro, 18 – 24. Santiago de Compostela.

Expediente de anexión dos beneficios curados de San Pedro das Viñas e de San Fiz de Vixoi, co de Santa María de Pontellas, todos eles de padroado de San Martiño Pinarío. Inclúe: o título arcebispal de anexión e a toma de posesión por Gomez García, novo reitor.

B.- ACS, LD 1/16. Copia autorizada. Papel. 308x207 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 10.*

17

1576, maio, 26 – 27. San Vicente de Niveiro.

Expediente de anexión dos beneficios curados de San Vicente de Niveiro e Santa María de Arabexo. Inclúe: título arcebispal de anexión e a toma de posesión por parte do novo reitor, Xoán do Arrea.

B.- ACS, LD 1/17. Copia autorizada. Papel. 304x209 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 13.*

18

1577, maio, 29. San Román de Pasarelos.

Doazón ao mosteiro de San Martiño Pinarío de García Botana de Mámoa, Miguel Botana, Domingo Botana, Pedro Botana, Fernán Botana e Gregorio Conde, patróns leigos do beneficio de San Román de Pasarelos, do dereito de padroado e presentación do beneficio.

B.- ACS, LD 1/18. Copia autorizada. Papel. 310x215 mm. 3 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Prosigue la Pieza 21.*

19

1577, xullo, 3. San Martiño Pinario, Santiago de Compostela.

Expediente de anexión dos beneficios curados de Santiago de Vilamateo, de padroado de San Martiño Pinario, e San Xoán de Callobre, de padroado de Santa María de Monfero. Inclúe: título de anexión de San Martiño Pinario, en calidade de padrón de Santiago de Vilamateo.

B.- ACS, LD 1/19. Copia autorizada. Papel. 301x214 mm. 3 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Prosigue a la pieza 17.*

20

1577, agosto, 13 – 15. San Sebastián de Castro.

Expediente de anexión dos beneficios curados de Santa María de Cumbraos e San Sebastián de Castro. Inclúe o título arcebispal de anexión e un traslado da toma de posesión por Pedro da Pena, novo reitor.

B.- ACS, LD 1/20. Copia autorizada. Papel. 309x209 mm. 4 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 18.*

21

1577, outubro, 3 – 1611, xuño, 8. Santiago de Compostela.

Expediente de anexión do beneficio de San Pedro de Doade coa terceira parte do de San Paio de Lodeiro. Inclúese un traslado (1611, xuño, 8) da autorización para a anexión concedida por Fr. Xerónimo Remón, prior, en nome do mosteiro de San Martiño Pinario, padrón de San Paio de Lodeiro.

B.- ACS, LD 1/21. Copia autorizada. Papel. 311x220 mm. 3 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 20.*

22

1577, setembro, 30 – outubro, 5. Santiago de Compostela.

Expediente de unión dos beneficios de Santa Mariña de Gafoi e San Pedro de Aiazo. Inclúe: un traslado do título arcebispal de anexión, realizado a petición de Xoán das Mariñas, crego reitor dos devanditos beneficios; e a toma de posesión.

B.- ACS, LD 1/22. Copia autorizada. Papel. 309x216 mm. 7 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 19.*

23

1577, outubro, 12–15. S.l.

Expediente de anexión dos beneficios de San Mamede dos Anxos e San Román de Pasarelos. Inclúe un traslado do título de anexión e a toma de posesión do beneficio polo clérigo Fernán Botana (outubro, 15).

B.- ACS, LD 1/23. Copia autorizada. Papel. 309x216 mm. 8 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 21.*

24

1577, outubro, 27. San Vicente de Moruxo.

Expediente de anexión do beneficio curado de San Vicente de Moruxo, de padroado de San Martiño Pinario, e o de San Xoán de Ouces. Inclúese o título de anexión e a toma de posesión.

B.- ACS, LD 1/24. Copia autorizada. Papel. 311x218 mm. 4 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 22.*

25

1578, xuño, 20–22. S.l.

Expediente de anexión dun terzo do beneficio curado de Santaia de Probaos e a metade do beneficio curado de Santa María de Ordoño, ambos os dous de presentación do mosteiro de San Martiño Pinario, por medio de San Salvador de Cines. Inclúe o título de anexión e a toma de posesión (xuño, 22).

B.- ACS, LD 1/25. Copia autorizada. Papel. 303x207 mm. 3 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 26.*

26

1579, marzal, 15. Roma. – 1580, xuño, 6. S.l.

Litteræ gratiosæ do pontifice Gregorio XIII na que reconece o dereito de presentación do mosteiro de San Martiño Pinario no beneficio de Santa María de Lira e o seu anexo San Martiño de Lariño; ademais, a petición da insitución, concede o beneficio ao clérigo Álvaro de Lucas. Traslado de 1580, xuño, 6.

B.- ACS, LD 1/26. Copia autorizada. Papel. 302x210 mm. 4 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. B. Pieza 6.*

27

1580, xuño, 16. Santiago de Compostela.

Expediente de anexión dos beneficios curados de Santa María de Sarandós, de padroado de San Martiño Pinario, e San Miguel de Figueroa. Inclúe o título de anexión e a autorización do mosteiro.

B.- ACS, LD 1/27. Copia autorizada. Papel. 300x202 mm. 9 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 29.*

28

1580, xullo, 21. Santiago de Compostela – 1580, decembro, 7. San Cristovo de Nemiña.

Expediente de unión dos beneficios curados de San Martiño de Touriñán e San Cristovo de Nemiña. Inclúe o título arcebispal e do mosteiro de San Martiño Pinario, patrón de ambos os beneficios, e unha provisión de Domingo do Rial como reitor (decembro, 7. San Cristovo de Nemiña.).

B.- ACS, LD 1/28. Copia autorizada. Papel. 305x210 mm. 3 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Caja 5, A 1, Pieza 29.*

29

1581, s.m., s.d. S.l.

Declaración do abade e mosteiro de San Martiño Pinario, de Santiago, da imposibilidade de vender o lugar de Santo André de Camporredondo, en virtude dunha cédula real.

ACS, LD 1/29. Papel. 306x218 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 2. A. Pieza 47.*

30

1620, maio, 9. – 1651, setembro, 5. S.l.

Expediente de anexión dos beneficios curados de San Xulián de Malpica e San Tirso de Vilanova. Inclúe traslado do título de anexión (1651, setembro, 5) e da toma de posesión, realizada o 13 de maio de 1620.

B.- ACS, LD 1/30. Copia autorizada. Papel. 301x208 mm. 9 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 38.*

31

1624, xuño, 7. S.l.

Expediente de anexión dos beneficios de Santo Estevo de Cangues, de padroado do mosteiro de San Martiño Pinario, e San Tomé de Madarnás, de padroado do Cabido de Santiago. Inclúe un traslado do título e auto de unión realizado polo licenciado D. Francisco de Torres e Castro, vigairo da igrexa de Ourense.

B.- ACS, LD 1/31. Copia autorizada. Papel. 301x210 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. A 1. Pieza 39.*

32

1629, febreiro, 15. S.l.

Expediente de invalidación da anexión da capela de Santa María Madalena ao priorado de San Cibrán de Cálago, de Vilanova de Arousa, aducindo que se acadara a autorización pontificia ocultando información. Inclúe un traslado da sentenza dada polo xuíz apostólico.

B.- ACS, LD 1/32. Copia autorizada. Papel. 316x204 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. B. Pieza 15.*

33

1677, outubro, 20. Santiago de Compostela – 1678, novembro, 2. San Pedro de Folladela.

Expediente de anexión dos beneficios de San Salvador de Abeancos, de presentación do mosteiro de San Martiño Pinarío, e San Pedro de Folladela, de presentación de Xoán de Fondevila, don García, Xoán do Piñeiro, a súa dona –Inés de Folgar– e Gregorio de Folgar. Inclúe o traslado dunha escritura en que os padróns chegan a un acordo para a anexión de ambos os beneficios, de xeito que alternarían as presentacións no caso das vacantes, comezando o mosteiro.

B.- ACS, LD 1/33. Copia autorizada. Papel. 312x220 mm. 7 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Cajón 5. A 1. Prosigue a Pieza 42.*

34

1728, xaneiro 23 – abril, 11. S.l.

Expediente de anexión dos beneficios de San Mamede de Bamiro e Santa Baia de Tines. Inclúe: copia da litteræ executoriæ do pontífice Benedicto XIII sobre a anexión en favor do presbítero D. Xosé Vázquez; e as tomas de posesión polo dito Xosé Vázquez en ambos os dous beneficios.

B.- ACS, LD 1/34. Copia autorizada. Papel. 315x202 mm. 9 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 5. B. Pieza 16.*

35

1802, xaneiro, 15 – 16. S.l.

Testemuño do escribán D. Xosé Antonio Malla, a petición do mosteiro de San Martiño Pinarío, das diversas bulas e breves pontificios polos que se confirman as anexións de: San Lourenzo de Carboeiro, San Pedro de Soandres, San Xulián de Moraima, San Cibrán de Bribes, San Martiño de Ozón, Santa María de Cambre, Santa María de Portor, Santiago de Mens, San Pedro de Fóra, Santo Antoiño de Bañas, San Cristovo de Dormeá, San Salvador de Bergondo, Santa María de Mezonzo e Santo Antoiño de Toques.

B.- ACS, LD 1/35. Copia autorizada. Papel. 314x218 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Cajón 4. A 1ª.*

36

1499, marzal, 19. Roma. – 1500, s.m., s.d. S.l.

Copia (realizada no ano 1500) da litteræ solemnes do pontífice Alexandre VI sobre o subsidio do mosteiro de San Martiño Pinario.

C.- ACS, LD 1/36. Copia. Papel. 450x316 mm. 3 fols. Latín e castelán. Bo estado.

Anotación: *Cajón 6.*

37

1721, marzal, 29 – 1771, xuño, 1. S.l.

Atado en que se inclúen diversas cédulas reais concedidas ao mosteiro de San Martiño Pinario, outorgando privilexios e regalías principalmente relacionadas cos pagos en portos e aduanas e os dereitos de alcabalas.

A.- ACS, LD 1/37. Orixinais e trasladados. Papel. 320x224 mm. 104 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación de sign. antiga: *Cajón 20 A. N.º 2.*

38

1505, agosto, 4 – 1608, xullo, 22. S.l.

Libro de foros do mosteiro de San Martiño Pinario, elaborado en 1767, coas notas dos escribáns Alonso Gómez (de 1505–1509) e Xoán de Negreiros (de 1608).

A.- ACS, LD 2/1. Papel. 327x227 mm. Foliado; 464 fols. Castelán. Bo estado. Encadernado en pergameo e con tiras de pergameo para peche.

Anotación de sign. antiga: *Libro 13 M.* Inclúe índice.

39

1777 – 1814, maio, 4. Santiago de Compostela.

Libro que recolle tanto as visitas pastorais realizadas no mosteiro de San Martiño Pinario e disposicións dadas, como as resolucións tomadas sobre esta temática nos diversos capítulos realizados pola congregación entre 1777 e 1814, ambos inclusive, resolucións que afectan á regra e oracións, celebracións, procesións, reliquias, vestimenta e confesións, entre outros eidos.

A.- ACS, LD 2/2. Orixinal. Papel. 308x227 mm. [152] fols. + [4] ff. Castelán. Bo estado.

Anotación de sign. antiga: *Cajón 17.* Encadernado en pergameo.

40

1505 – 1513.

Libro de facenda do mosteiro de San Martiño Pinarío, con copias de documentación dende 1505 a 1513. Inclúe un índice alfabético dos lugares e freguesías ás que fan mención os documentos –dende «Avanqueiro, San Cristóbal» a «Viñas, San Pantaleón de».

A.- ACS, LD 3/1. Papel. 325x243 mm. Foliado; 405 fols. Castelán. Bo estado. Encadernado en pergameo.

Anotación de sign. antiga: *Libro 3 B.*

41

Ss. XIV – XVII.

Libro que inclúe as copias de apeos, doazóns, sentenzas, concordias e, principalmente, foros relacionados con freguesías dependentes do mosteiro de San Martiño Pinarío, ordenadas por orde alfabética. Abrangue dende San Xulián de Coirós a San Xulián de Cundeiros. Inclúe índice de persoas.

A.- ACS, LD 4/1. Papel. 291x213 mm. Foliado; 708 fols. Castelán. Bo estado. Falta a encadernación e parte do índice.

42

[1489], s.m., s.d. [Santiago de Compostela].

Copia simple do testamento de don Álvaro Sánchez de Ávila, alcalde da cidade de Santiago e tenceiro da fortaleza arcebispal da Rocha Forte, no cal ordena ser enterrado en San Paio de Antealtares e realiza as disposicións necesarias para crear unha nova capela, entre outras mandas testamentarias e doazóns.

C.- ACS, LD 5/1. Copia simple. Papel. 316x222 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado. Incompleto.

Anotación: *Libro 27 D de Foros, fol. 307. Archivo de San Martín.*

43

1469, febreiro, [s.d.] – 1481, maio, 6. S.l.

Libro de notas tomadas polo notario Xácome González relacionadas con propiedades pertencentes na súa meirande parte ao mosteiro de San Martiño Pinarío, principalmente foros, aínda que tamén algunha doazón e/ou arrendo.

A.- ACS, LD 5/2. Papel. 329x233 mm. Foliado. 293 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Libro 2º. P. 16.* Presenta índice. Encadernado en pergameo.

44

1490 – 1730. S.l.

Folla pertencente a un índice con rexestos relacionados co priorado de Santa María de Onzaniego (León) facendo referencia a: un foro realizado a Pedro Osorio do couto de Onzaniego (1490); outro a Pedro Osorio o Vello do couto, priorado e beneficio de Onzaniego (1532, xullo, 10); un preito sobre bens en Alixa do Infantado (1530); e a declaración e confesión do cura de Alixa, D. Alonso González (1730). Faise tamén alusión ao couto de Dormeá, cun inventario dos casais deste.

A.- ACS, LD 5/3. Orixinal. Papel. 310x219 mm. Castelán. Bo estado.

45

1515(?), marzal, 8. S.l.

Copia do título de posesión do priorado de Santa María de Onzaniego en favor do monxe de San Martiño Pinarío Fr. Diego de Angulo.

C.- ACS, LD 5/4. Copia simple. Papel. 318x217 mm. Latín. Bo estado.

46

1547, xaneiro, 30.

Testemuño de pago por parte do mosteiro de San Martiño Pinarío de 268 000 marabedís a Gómez Trigo, veciño de Noia, polo desembargo do couto de San Martiño de Oleiros.

A.- ACS, LD 5/5. Orixinal. Papel. 309x215 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.
Anotación: *Cajón 20 B. N.º 2.*

47

1549, novembro, 23 – 1697, marzal, 29. S.l.

Atado que contén a concordia entre o mosteiro de San Martiño Pinarío e a cidade de Betanzos, sobre a portaxe e a renda de propios da cidade; a cidade comprométese a pagar 8000 marabedís anuais ao mosteiro, e este cédelle a xurisdición temporal das fre-

guesías de San Martiño de Brabio, San Vicente de Armea e San Salvador de Colantres. Inclúese o auto para o cobro do xuro e a renda perpetua ao longo de 1697.

A.- ACS, LD 5/6. Orixinal. Papel. 322x225 mm. [45] fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Cajón 20 B. N.º 3.

48

1564, s.m., s.d. S.l.

Testemuños dados ante notario ao mosteiro de San Martiño Pinario da entrega de privilexios e documentos para resolver diversos preitos, entregas realizadas a Xoán de Herrera (maio, 5), veciño de Santiago, dun foro e varios privilexios, dos reis Afonso II o Casto, D.^a Urraca, dous de Afonso VII, e Xoán I; e a Bartolomé Dagraria (agosto, 9), veciño do Grove, dun privilexio de Afonso VII, unha sentenza de Xoán II e dúas cédulas dos Reis Católicos.

A.- ACS, LD 5/7. Papel. 307x213 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Caja 3. A. Pieza 8.

49

1581 – 1586.

Atado con copias de documentos do mosteiro de San Martiño Pinario, en concreto: petición do abade e mosteiro de San Martiño ao Rei que non venda a propiedade de Camporredondo, na cal tiñan 50 vasalos, polo gran beneficio que supuñan para a institución as rendas cobradas pero o pouco proveito que podería sacar o monarca coa venda (1581, maio, 15); carta de pago de 32 949 marabedís de Pedro Díaz de Guitián ao mosteiro por orde dunha cédula real en concepto da compra do couto de Cambre, anexo perpetuo do mosteiro (1585, maio, 6); Xoán Fernández, en nome do abade e mosteiro de San Martiño, pide ao monarca que mande facer copia e entregala á institución da cédula en que establece que o couto de Bribes lles pertence e non será vendido (1586, marzal).

C.- ACS, LD 5/8. Papel. 301x211 mm. Foliado; 5 fols. Copias. Castelán. Bo estado.

50

1597, febreiro, 10 – 1606, xuño, 22. S.l.

Atado con orixinais e copias autorizadas de documentos xudiciais do mosteiro de San Martiño Pinario, principalmente relativos a exencións.

A.- ACS, LD 5/9. Orixinal e copias autorizadas. Papel. 306x217 mm. [138] fol. Castelán. Bo estado.

Anotacións: *Cajón 20. Mazo 1. N.º 1.*

51

1631, xullo, 20 – 1649, marzal, 12. S.l.

Atado con orixinais e copias autorizadas de documentos xudiciais do mosteiro de San Martiño Pinario, principalmente relativos a tributos e impostos.

A.- ACS, LD 6/1. Orixinal e copias autorizadas. Papel. 322x215 mm. [152] fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Cajón 20. Mazo 1. N.º 3.*

52

1635, abril, 17. S.l.

Compulsa realizada a petición de Xoán de Pedruza, en nome do mosteiro de San Martiño Pinario, de diversas escrituras e documentos acerca de varias propiedades en San Salvador de Abeancos, por estar nun preito por elas con D.^a Catalina das Seixas.

B.- ACS, LD 6/2. Copia autorizada. Papel. 300x201 mm. 7 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Caja 27. A 1.*

53

1657, marzal, 22 – 1713, novembro, 6. S.l.

Atado con orixinais e copias autorizadas de documentos xudiciais relacionados co mosteiro de San Martiño Pinario, principalmente relativos aos criados, soldados, condución do viño e visita do forno.

A.- ACS, LD 6/3. Orixinais e copias autorizadas. Papel. 319x219 mm. 23 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Cajón 20. Mazo 1. N.º 4.*

54

1723, xullo, 10 – 1727, outubro, 5. S.l.

Copia simple do despacho de D. Bartolomé de Henao, rexente da Real Audiencia do Reino de Galicia, que recolle outro despacho do Consello de Castela no que se ordena-

ba aos propietarios de barcas informar ao Consello, co fin de establecer un pago para a reparación das pontes do reino (1723, xullo, 10); dáse conta da propiedade do mosteiro de San Martiño Pinarío de dúas barcas na freguesía de San Salvador de Bergondo, provincia de Betanzos, e unha en Sernande (Chantada).

C.- ACS, LD 6/4. Copia simple. Papel. 314x217 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Cajón 20. Mazo I. Prosigue al número 1.

55

1752, xullo, 30. S.l.

Confrontación, a petición do mosteiro de San Martiño Pinarío, e por orde da Real Xunta da Contribución, dos privilexios orixinais do mosteiro, realizada polo notario Gregorio Fernández.

A.- ACS, LD 6/5. Orixinal. Papel. 308x211 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Caj. 2. A 1. 7.

56

1784, xullo, 26. S.l.

Copia notarial da Real Provisión concedida ao mosteiro de San Martiño Pinarío acerca da exención de pago da portaxe de Pontecesures, copia realizada a petición da propia institución para inserir no preito contra Domingo Antonio Pérez, portaxeiro de Pontecesures.

ACS, LD 6/6. Copia autorizada. Papel. 314x214 mm. 18 fols. Castelán. Bo estado.

57

1782, xuño, 1 – decembro, 9. S.l.

Atado en que se recolle o preito mantido polo mosteiro de San Martiño Pinarío contra o conde de Ribadavia e Amarante; sostén a institución que non estaba na obriga de pagar a portaxe na vila de Ribadavia. Inclúense as declaracións de diversas testemuñas.

A.- ACS, LD 6/7. Orixinal. Papel. 316x218 mm. [29] fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: N.º 3.

58

1717, xaneiro, 15 – 1727, marzal, 15. S.l.

Expediente en que se recolle a exención para os habitantes da Illa de Arousa, xurisdición do mosteiro de San Martiño Pinario, de dar soldados ás levas que se realizan, xa que toda a poboación pertencía ao gremio de mariñeiros e contribuírtan unicamente con continxente para a Mariña. Realiza a declaración o mordomo pedáneo Francisco Suárez.

B.- ACS, LD 6/8. Copia autorizada. Papel. 312x214 mm. 7 fols. Castelán. Bo estado.

59

1479, agosto, 12. S.l.

Copia do expediente de anexión que o bispo de Ourense, D. Alonso López de Valladolid, realizou do beneficio de Santa María de Rozamonde ao mosteiro de San Paio de Antealtares. Inclúe: título de anexión (1468), breve confirmatorio do pontífice Pablo II, proceso e execución do dito breve e título de posesión (1472).

B.- ACS, LD 6/9. Copia autorizada. Pergameo e papel. 214x194 mm. 10 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: Caja 4. A 1. Pieza 9.

60

1592, setembro, 30 – 1596, outubro, 19. S.l.

Copia do testamento de Gómez Pérez das Mariñas (1592, setembro, 30), gobernador e capitán xeneral das Illas Filipinas, a petición da abadesa do mosteiro de San Paio de Antealtares, principal beneficiario do testamento.

B.- ACS, LD 6/10. Copia autorizada. Papel. 322x232 mm. 29 fols. Castelán. Conservación regular.

Ed.- LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, 1901–1903, pp. 471–489, doc. CVIII.

61

1809, outubro, 9 – 1810, xuño, 19. S.l.

Atado que inclúe: relación xurada de Rosendo de Loxo das partidas que adebeda D. Tomás Amado, veciño da Pobra do Deán; requirimento de Rosendo de Loxo ao

governador da provincia para que ordene a Tomás Amado aboar parte do que adebeda; e un novo requirimento coa mesma petición.

A.- ACS, LD 6/11. Orixinal. Papel. 313x220 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

62

1809, agosto, 12 – 1810, febreiro, 19. S.l.

Expediente coas reclamacións de Xoán Liñares, veciño da freguesía de San Martiño de Coucieiro, por si e por outros veciños, para que non se lles faga pagar o décimo eclesiástico ao cura da parroquia polo mal estado en que quedaran os campos e os froitos tras o ataque francés. Inclúe outra instancia en que solicitan non ser molestados máis por este tema.

A.- ACS, LD 6/12. Orixinal. Papel. 310x215 mm. [2] fols. + [2] ff. Castelán. Bo estado. Sen foliar.

63

1809, outubro, 23 – 1810, maio, 8. S.l.

Atado coas diversas reclamacións de Gregorio Suárez, Andrés de Andrade, Miguel de Aguiar, Manuel Leborán, Andrés Sixto e Gabriel Ferro, de diferentes parroquias, ante o gobernador militar e político da cidade de Santiago para que se calcule o importe das reses que cederon para o consumo da tropa e se lles pague no menor tempo posible.

A.- ACS, LD 6/13. Orixinal. Papel. 316x222 mm. 13 fols. Castelán. Bo estado.

64

1809, novembro, 3 – 1810, marzal, 15. S.l.

Atado que contén: as instancias e reclamacións de diversos veciños da parroquia de San Mamede de Ribadulla, que solicitan a suspensión do cobro das cantidades que deben pola pobreza en que quedaran tras o ataque dos franceses; e a petición ao gobernador político e militar da cidade de Santiago para que se cumpra o auto concedido ao seu favor e non sexan molestados.

A.- ACS, LD 6/14. Orixinal. Papel. 312x216 mm. 7 fols. Castelán. Bo estado.

65

1810, xaneiro, 5. S.l.

D. Xosé Rapela, veciño da parroquia de Santiago de Paderne, solicita que lle sexan descontados do arrendo do beneficio sinecura da dita parroquia 10 ferrados de trigo, 14 de centeo e 6 de millo que xa pagara para o abastecemento da vila.

A.- ACS, LD 6/15. Orixinal. Papel. 303x210 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

66

1810, xaneiro, 8. Santiago de Compostela.

D. Manuel Ballesteros, veciño da freguesía de Santaia de Codeso, pide ao gobernador político e militar da cidade de Santiago que ordene que os repartimentos de impostos realizados na freguesía sexan feitos con xustiza, alegando que a el e ao seu irmán, oficial de batallón, lles eran cargados con desproporción.

A.- ACS, LD 6/16. Orixinal. Papel. 313x211 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

67

1810, xaneiro, 8 – febreiro, 7. Santiago de Compostela.

Expediente da instancia presentada por Xosé de Andrade, labrador da freguesía de Santiago de Boimorto, para que o xuíz da vila lle entregue 10 reais e 31 reais de 372 libras de herba seca, en compensación polos 23 ferrados que o solicitante deu ao destacamento 19 de Dragóns Lixeiros ao seu paso pola vila, devolución que o xuíz se nega a executar. Inclúese a instancia, copia do escribán Antonio Lodeiro (1810, xaneiro, 18), notificación ao xuíz da execución do pago (1810, xaneiro, 27) e unha nova reclamación, de Xosé de Viñas García, en nome de Xosé de Andrade (1810, febreiro, 7).

A.- ACS, LD 6/17. Orixinal. Papel. 305x222 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

68

1810, xaneiro, 13. Santiago de Compostela. – 1810, xaneiro, 19. Santo André de Veá.

Varios veciños da freguesía de Santo André de Veá piden ao gobernador da cidade e provincia de Santiago que os servizos de millóns e utensilios se lles reduzan á metade, por ter todos eles fillos no Real Servizo.

A.- ACS, LD 6/18. Orixinal. Papel. 298x207 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

69

1810, xaneiro, 20 – febreiro, 12. Santiago de Compostela.

Florencio Loureiro, labrador e veciño de San Vicente de Niveiro pide ao gobernador miliar e político da provincia de Santiago que suspenda a sentenza pola que os seus bens serían vendidos para pagar a pena de máis de 550 reais imposta ao seu fillo, sorprendido nun roubo mentres cumpría o servizo e que xa falecera.

A.- ACS, LD 6/19. Orixinal. Papel. 308x221 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

70

1810, xaneiro, 26 – febreiro, 29. Santiago de Compostela.

Xoán Antonio García, Manuel Barrio, Xoán Antonio Martínez, Luís Sampetro e demais veciños da freguesía de Santa María de Herbón piden ao gobernador político e militar da cidade e provincia de Santiago que lles conceda o mesmo mandato que aos de Pazos para que o arrendatario Xoán Trasande non os moleste esixíndolles os pagos dos arrendamentos inmediatamente, en especie ou en moeda, pagos que non se poden realizar ata que saia o valor da moeda.

A.- ACS, LD 6/20. Orixinal. Papel. 309x214 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

71

1810, xaneiro, 29. Santiago de Compostela.

Súplica de varios veciños da freguesía de Santa Diana de Viceso ao gobernador político e militar da cidade e provincia de Santiago para que ordene ao xuíz da xurisdición da Maía que realice os repartimentos de contribucións segundo as posibilidades de cada veciño.

A.- ACS, LD 6/21. Orixinal. Papel. 309x215 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

72

1810, febreiro, 1 – 3. Santiago de Compostela.

Súplica de Bernardo Romero, mordomo da freguesía de San Martiño de Miñortos, ao gobernador militar e político da cidade de Santiago para que lle rebaixe á metade as contribucións polo consumo das tropas e que se entenda por tal tanto o das tropas españolas como o das francesas.

A.- ACS, LD 6/22. Orixinal. Papel. 309x215 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

73

1810, febreiro, [6] – 8. Santiago de Compostela.

Súplica de Baltasar Romero, veciño da freguesía de San Xoán Bautista de Laño, para que se lle conceda unha suspensión e concesión de catro anos para o pago dunha débeda con Anxo do Río, que agora lle trataba de quitar o gando que lle prestaran ao devandito Baltasar Romero.

A.- ACS, LD 6/23. Orixinal. Papel. 310x215 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

74

1810, febreiro, 7 – 9. Santiago de Compostela.

Manuel Cao, Mateo Fosado, María Coto, Manuel Briño, Andrés Estévez, Xacobo Cajaraville e outros veciños da freguesía de Santa Mariña de Lucí suplican ao gobernador militar e político da cidade e provincia de Santiago quedar exentos da contribución de 74 ferrados de millo que se establecera, alegando o mal estado da súa economía tras os ataques inimigos franceses.

A.- ACS, LD 6/24. Orixinal. Papel. 314x214 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

75

1810, febreiro, 2. Santiago de Compostela.

Súplica de Antonio de Pebre, labrador veciño da freguesía de San Xoán de Campo ao gobernador militar e político da cidade de Santiago; pídesse que ordene ao xuíz territorial D. Francisco Xavier Romero que deixe de molestalo como o estaba a facer ata aquel momento.

A.- ACS, LD 6/25. Orixinal. Papel. 312x214 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

76

1810, febreiro, 10. Santiago de Compostela.

Súplica de Antonio de Pedre, veciño da freguesía de San Xoán de Campo, ao gobernador militar e político da cidade de Santiago, solicitándolle que comisione un escribán para intimar o xuíz D. Francisco Xavier Romero a cumprir unha resolución no seu favor que ditara o gobernador.

A.- ACS, LD 6/26. Orixinal. Papel. 311x212 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

77

1810, febreiro, 10. Santiago de Compostela.

Súplica de Xosé Rodríguez, Felipe Canicoba e María Rodríguez, veciños da freguesía de San Miguel de Castro, ao gobernador militar e político da cidade e provincia de Santiago para que ordene que lles sexa devolto o importe das reses e o viño que entregaran para o sustento das tropas españolas.

A.- ACS, LD 6/27. Orixinal. Papel. 311x217 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

78

1810, febreiro, 10 – 12. Santiago de Compostela.

Xosé Pérez, labrador da vila de Caldas, suplica e pide ao gobernador militar e político da cidade e provincia de Santiago que o libere dos pagos de bagaxes e aloxamentos polo esforzo que ten que facer ao ter os seus tres fillos no exército.

A.- ACS, LD 6/28. Orixinal. Papel. 311x213 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

79

1810, febreiro, 10. Santiago de Compostela.

Xosé Rodríguez, labrador da freguesía de San Vicente de Rial, suplica ao mariscal gobernador da cidade de Santiago que o exima do cargo de mordomo fabriqueiro e das súas cargas, por ter un fillo servindo no Real Servizo.

A.- ACS, LD 6/29. Orixinal. Papel. 315x216 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

80

1810, febreiro, 10. Santiago de Compostela.

Súplica de Francisco Ameal, mestre canteiro da freguesía de Gargantas, xurisdición de Peñaflor, ao gobernador militar e político da cidade de Santiago para que o exima do cargo de mordomo pedáneo, tal e como fora nomeado, por ter que estar ausente para atender as obrigacións do posto.

A.- ACS, LD 6/30. Orixinal. Papel. 312x215 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

81

1810, xaneiro, 24. Santa Cristina de Vinseiro – 1810, febreiro, 12. Santiago de Compostela.

Expediente da instancia de Benito Moreiras, labrador e veciño da freguesía de Santa Cristina de Vinseiro, como apoderado de diversos veciños, na que solicita ao gobernador militar e político da cidade de Santiago que faga cumprir os autos dados polo auditor da cidade con respecto aos «compartos de frutos». Inclúe un poder dos veciños en favor de Benito Moreiras (xaneiro, 24).

A.- ACS, LD 6/31. Orixinal. Papel. 315x220 mm. 7 fols. Castelán. Bo estado.

82

1810, febreiro, 12. Santiago de Compostela.

Súplica de Tomás Seoane, labrador da freguesía de San Miguel de Cerceda, ao gobernador militar e político da cidade de Santiago, para que o exima do pago das bagaxes e demais impostos, para poder manter o seu fillo na fronte.

A.- ACS, LD 6/32. Orixinal. Papel. 311x210 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

83

1810, febreiro, 13 – marzal, 4. Santiago de Compostela.

Antonio Lodeiro, notario, certifica e copia a presentación do memorial en que Manuel de Caramelles, procurador xeral do couto de Codeseda, solicita ao gobernador militar e político da provincia de Santiago que os veciños do Couto non sexan molestados coa execución das contribucións ata que a terra volva dar froito (1810, marzal, 4).

A.- ACS, LD 6/33. Orixinal. Papel. 311x213 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

84

1810, febreiro, 13. Santiago de Compostela.

Súplica de Manuel de Brea, Valentín de Calo, Xulián Mallo e Xoán Mallo, labradores da freguesía de Castenda, ao gobernador da cidade de Santiago, para que lles conceda –do mesmo xeito que fixera con outras freguesías– unha graza que rebaixe as contribucións de repartimento de víveres e bagaxes, tendo en conta o servizo que fan por ter os seus fillos no Real Servizo.

A.- ACS, LD 6/34. Orixinal. Papel. 316x217 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

85

1810, febreiro, 14 – 15. Santiago de Compostela.

Súplica de Manuel Casal, labrador da freguesía de San Vicente de Boqueixón, ao gobernador político e militar da cidade e provincia de Santiago, para que mande ao mordomo e veciños da freguesía pagarlle os 200 reais que vale unha xovenca que entregou por mandato deles para o mantemento das tropas francesas.

A.- ACS, LD 6/35. Orixinal. Papel. 313x216 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

86

1810, febreiro, 17 – 19. Santiago de Compostela.

Xulio Gómez, en nome de Antonio de Castro, Andrés Botana e outros veciños da freguesía de San Mamede dos Anxos, suplica ao gobernador político e militar da cidade e provincia de Santiago que faga cumprir as exencións de cargos municipais e o pago dos dereitos reais para os que están na fronte, como os seus fillos.

A.- ACS, LD 6/36. Orixinal. Papel. 314x216 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

87

1810, febreiro, 17. Santiago de Compostela.

Pedro Mosteiro, labrador da freguesía de San Xiao de Arnois, suplica ao gobernador político e militar da cidade e provincia de Santiago que non recarguen as contribucións ordinarias, extraordinarias e repartimentos aos que están ausentes na fronte, como é o caso do seu fillo.

A.- ACS, LD 6/37. Orixinal. Papel. 311x215 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

88

1810, febreiro, 17 – 19. Santiago de Compostela.

Súplica de Antonio Rodríguez, labrador da freguesía de San Mamede dos Anxos, ao gobernador militar e político da cidade de Santiago para que lle sexan pagados os 130 reais que vale un tenreiro que deu para o sustento das tropas.

A.- ACS, LD 6/38. Orixinal. Papel. 311x216 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

89

1810, febreiro, 19. Santiago de Compostela.

Súplica de Pedro Castelo, veciño da freguesía de San Simón de Cacheiras, para quedar exento da reclamación dun imposto polo arrendamento dun beneficio sinecura na dita freguesía por parte do Cabido de Santiago para a Cruzada.

A.- ACS, LD 6/39. Orixinal. Papel. 309x216 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

90

1810, febreiro, 19 – 22. Santiago de Compostela.

Súplica de Bernardo Blanco, labrador da freguesía de San Xulián de Santa Sabiña, ao gobernador militar e político da provincia de Santiago para que sexa eximido do cargo de mordomo pedáneo, xa que o seu único fillo partiu cara á fronte e el é o único que cultiva a terra.

A.- ACS, LD 6/40. Orixinal. Papel. 311x212 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

91

1810, abril, 22 – 1810, novembro, 9. Santiago de Compostela

Atado que recolle o expediente do preito presentado por Benito Montoiro, Andrés Tallo, Domingo Señorán, Xacobo Neira, Antonio Vicente, Xoán Xestoso e Antonio Pinto, veciños da freguesía de San Pedro de Toedo, no que piden que non sexa atendida a reclamación doutros veciños que alegaban que os seus fillos estaban no exército para non pagar as custas dun preito tal e como foran repartidas; os expoñentes alegan que o preito tivera lugar en 1798, cando aínda non estaban no servizo.

A.- ACS, LD 6/41. Orixinal. Papel. 307x219 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

92

1810, febreiro, 19 – 22. Santiago de Compostela.

Súplica de Benito Montoiro, Andrés Tallo, Domingo Señorán, Xacobo Neira, Antonio Vicente, Xoán Xestoso e Antonio Pinto, veciños da freguesía de San Pedro de Toedo, para que non sexa atendida a reclamación doutros veciños que alegaban que os seus fillos estaban no exército para non pagar as custas dun preito tal e como foran repartidas, alegan os expoñentes que o preito tivera lugar cando aínda non estaban no servizo.

A.- ACS, LD 6/42. Orixinal. Papel. 301x215 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

93

1810, febreiro, 21 – 22. Santiago de Compostela.

Súplica de varios veciños da freguesía de Santa María de Couso para estar exentos do pago das rendas que debían, alegando o mal estado económico en que se atopaban tras o ataque das tropas francesas.

A.- ACS, LD 6/43. Orixinal. Papel. 311x216 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

94

1810, xaneiro, 5. Santiago de Compostela.

Certificación e copia do notario Pedro Antonio de Busto do pedimento e preito en que D. Antonio Taboada Pimentel, en nome de Xoán Trasande, veciño de San Miguel da Barcala, acusa a varios veciños de non ter pagados os dereitos de froitos, entre outros.

B.- ACS, LD 6/44. Orixinal. Papel. 316x217 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

95

1810, marzal, 10. Porto do Son.

Benito González e Miguel Bretal, en nome de varios veciños da freguesía de San Paio de Carreiras, solicitan que sexan exculpados os acusados de non comparecer a unha reunión en Porto do Son convocada polo xuíz de Noia. Foran convocados os habitantes das vilas da zona coa finalidade de elixir representantes; os solicitantes alegan que os veciños si asistiran pero que non se tomara nota correctamente.

A.- ACS, LD 6/45. Orixinal. Papel. 305x209 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

96

1810, marzal, 19 – 22. Santiago de Compostela.

Benito González e Miguel Bretal, labradores da freguesía de San Paio de Carreiras, presentan ao mariscal e gobernador da cidade de Santiago, por si e por outros veciños da freguesía, unha copia dun memorial e decreto para que o xuíz de Noia suspendese unha comparecencia na súa Audiencia, por non ter elixidos aínda os representantes.

A.- ACS, LD 6/46. Orixinal. Papel. 309x212 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

97

1810, marzal, 20. San Xurxo de Codeseda.

Certificación de Gabriel Moure e Sanín, notario de Santiago, da reclamación que fixeran os habitantes do couto de Codeseda, pola que se negan a pagar as cantidades impostas polas bulas de Cruzada.

A.- ACS, LD 6/47. Orixinal. Papel. 308x211 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

98

1810, marzal, 11 – 24. Santiago de Compostela.

Súplica de D. Xaquín Mariño de Lobeira ao gobernador militar e político da cidade de Santiago para que ordene a Antonio Mariño, administrador dos bens da nai do denunciante, que presente os recibos referentes ao pago dos alimentos ao devandito Xaquín Mariño, sostendo que tales pagos non se efectuaron.

A.- ACS, LD 6/48. Orixinal. Papel. 309x213 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

99

1810, marzal, 27. Santiago de Compostela.

Decreto de Blas Ozores, xuíz comisario de seguridade na cidade de Santiago, polo que dúas partes –indeterminadas– poden pedir testemuño relacionado cun preito. É texto que debía de seguir a un pedimento ou súplica.

A.- ACS, LD 6/49. Orixinal. Papel. 304x214 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

100

1810, marzal, 28 – 29. Santiago de Compostela.

Manuel Caramés, procurador xeral do couto de Codeseda, suplica ao gobernador militar e político da cidade de Santiago, en nome dos veciños da localidade, que se lles devolvan dous pagos feitos en concepto da bula de Cruzada, así como a exención do propio pago, xa que consideran que a mellor cruzada é a guerra, na que xa investiran todo.

A.- ACS, LD 6/50. Orixinal. Papel. 317x218 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

101

1810, marzal, 30 – abril, 3. Santiago de Compostela.

Súplica de D. Andrés de Lozaz, do comercio de Villaramiel (Palencia), ao gobernador militar e político da provincia de Santiago para que se lle desembarguen as dúas cargas de mercancía coas que tiña chegado para a súa venda, as cales lle foran embargadas por Beltrán Garra.

A.- ACS, LD 6/51. Orixinal. Papel. 312x214 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

102

1810, abril, 5 – 6. Santiago de Compostela.

Súplica de Antonio Martínez, veciño da freguesía de Santa María de Vaamonde, pola que solicita estar exento da tarefa de dar razón dos bens da freguesía, para a que fora elixido, alegando ter tres fillos no servizo e a necesidade de traballar as súas terras.

A.- ACS, LD 6/52. Orixinal. Papel. 306x213 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

103

1810, maio, 2. Santiago de Compostela.

Requirimento de Agustín Varela Soutomaior, en nome de Alonso de Carballal, veciño da freguesía de San Xoán de Calo, contra Lucas Castelao, veciño de San Mamede de Ribadulla, e Xacobo Silboto, pola falta de pagamento de determinadas cantidades de centeo, painzo e outros produtos que lle deben, aducindo dificultades pola guerra.

A.- ACS, LD 6/53. Orixinal. Papel. 312x217 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

104

1810, maio, 3. Santiago de Compostela.

D. Antonio Taboada Pimentel, en nome de Manuela Rebolo e María López, rexeita a petición de diversos veciños da freguesía de San Pedro de Toedo sobre o pago do repartimento das custas dun preito.

A.- ACS, LD 6/54. Orixinal. Papel. 309x216 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

105

1810, maio, 4. Santiago de Compostela.

Miguel Arias, en nome de Manuel Constenla, Xosé Mirón, Miguel Laceiras, Manuel Antonio Clemente e Xoán Barcala, veciños da freguesía de Santo André de Veá, reitera a petición que xa realizara o 3 de xaneiro de pagar só a metade dos servizos de millóns e de utensilios.

A.- ACS, LD 6/55. Orixinal. Papel. 305x212 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

106

1615, marzal, 4 – 1616, xaneiro, 16. O Grove.

Atado de protocolos notariais do escribán Xoán García referentes a vendas, testamentos, poderes, etc. na vila do Grove e freguesías circundantes.

A.- ACS, LD 6/56. Orixinal. Papel. 308x215 mm. 200 fols. Castelán. Bo estado.

107

1683, s.m., s.d. – 1839, abril, 25. Santiago de Compostela.

Libro da confraría de San Xián, na igrexa parroquial de Santa María de Salomé, na cidade de Santiago, que contén copias de censos, vendas e diversidade de disposicións relacionadas coa economía da confraría.

A.- ACS, LD 7/1. Papel. 237x326 mm. [113] fols. Sen foliar. Castelán. Conservación regular. Encadernado en pergameo; con tiras de pergameo para peche.

108

1355, xaneiro, 9 – 1692, setembro, 11. S.l.

Libro que inclúe doazóns, foros, vendas e testamentos do convento de Santa María de Belvís relacionados con propiedades na vila de Noia e San Pedro de Muros. Inclúe copias e documentos orixinais en pergameo.

B.- ACS, LD 7/2. Papel e pergameo. 332x235 mm. [100] fols. Sen foliar. Galego e castelán. Bo estado. Encadernado. Con índice. Trátase de copias da documentación.

109

S. XVIII.

Memoria dos bens que integran o lugar de Piñeiro, na freguesía de Santa María de Morlán.

A.- ACS, LD 7/3. Orixinal. Papel. 287x217 mm. [1] fol. + 1 f. Castelán. Estado regular.

110

1554, maio, 24. Santa María de Belvís.

Foro realizado polo mosteiro e convento de Santa María de Belvís a Marcos da Igrexa e María de Ruanova, veciños da freguesía de San Xoán de Campo, do lugar de Piñeiro, en Santa María de Morlán, polo tempo de tres voces e unha renda dun par de galiñas e oito ferrados de trigo anuais.

B.- ACS, LD 7/4. Copia autorizada. Papel. 294x210 mm. 6 fols. Castelán. Estado regular.

111

1724, novembro, 15. Santiago de Compostela – 1726, xullo, 23. Piñeiro (Santa María de Morlán).

Atado que contén unha paulina impresa do vigairo xeral do arcebispo de Santiago na que ordena que se tome declaración aos habitantes de determinadas freguesías, entre elas Santa María de Morlán, para evitar ocultacións nas propiedades. Inclúe: autorización a un notario para notificar a pauliña, un requirimento para a declaración dos veciños do lugar e a declaración.

A.- ACS, LD 7/5. Orixinal e copias. Papel. 303x217 mm. 7 fols. Castelán. Estado regular.

Na portada: N.º 10.

112

1736, xuño, 5. Santiago de Compostela – 1736, xuño, 28. Piñeiro (Santa María de Morlán).

Pedimento de Manuel de San Pedro, procurador, en nome do mosteiro de Santa María de Belvís, para que se impida a Bartolomé Vello botar do lugar de Piñeiro, freguesía de Santa María de Morlán, os colonos que tiña a institución. Inclúese o emprazamen-

to a Bartolomé Vello, e unha declaración de Domingo de Castro e María de Turnes, colonos no lugar.

ACS, LD 7/6. Orixinal. Papel. 306x205 mm. 2 fols. Castelán. Estado regular.

113

1512, decembro, 5. S.l.

Título de anexión ao mosteiro de San Domingos de Santiago dos dous terzos do beneficio de San Salvador de Sobradelo, tres cuartas partes do de San Xoán de Carbia, dous terzos do de Santa María de Sabrexo e un terzo do de San Xoán de Mercurín, realizada por D. Pedro Beltrán, provisor da cidade, e o arcebispado de Santiago. Copia do século XVIII.

B.- ACS, LD 7/7. Copia autorizada. Papel. 316x218 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Siguiente al n.º 6.*

114

1652, marzal, 9 – 1731, outubro, 11. Santiago de Compostela.

Libro que contén documentación do mosteiro de San Domingos da cidade de Santiago relacionada coas fundacións realizadas pola casa de Altamira.

B.- ACS, LD 7/8. Papel. 333x230 mm. 252 fols. Castelán. Bo estado. Encadernado. Con índice.

Anotación: *Cajón 1. Atado 4. Lib. 4.*

115

1644, s.m., s.d.

Memorial realizado tras a morte de Fr. Francisco Muriente, prior do convento de San Domingos de Santiago, no que se dá conta das operacións que o finado realizara como prior da institución.

A.- ACS, LD 7/9. Orixinal. Papel. 315x222 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *N.º 10.*

116

1645, decembro, 12. Xaén. – 1646, setembro, 28. Madrid.

Memorial sobre os xuros da fundación de estudos no convento de San Domingos de Santiago de Compostela; inclúe diversas cartas sobre os propios xuros.

A.- ACS, LD 7/10. Orixinal. Papel. 311x221 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Siguiente n.º 10.*

117

1550, abril, 18. Santiago de Compostela.

Copia da concordia entre o Concello e cidade de Santiago de Compostela e o convento de San Domingos de Santiago pola propiedade dun terreo cerca do mosteiro e cara á Cruz do Home Santo, arrendado a Elvira Rodríguez, que construíra alí unha casa, a cal tiñan agora embargada, e acordo de que quede en propiedade do convento.

C.- ACS, LD 7/11. Copia simple. Papel. 310x209 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *N.º 4.*

118

1498, outubro, 28. Santiago de Compostela.

Copia autorizada do testamento de D.^a Urraca de Moscoso, viúva de D. Pedro Osorio, no que deixa como herdeiros os seus fillos, D. Rodrigo e D. Bernardo, ordena ser enterrada no mosteiro de San Domingos de Bonaval de Santiago e realiza diversas doazóns á institución.

B.- ACS, LD 7/12. Copia autorizada. Papel. 321x221 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Sumario Tomo 1º. Folio 319, n.º 61.*

Ed.- LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, 1901–1903, pp. 438–447, doc. C.

119

1499, abril, 2. S.l.

Traslado da doazón realizada por D. Lope Sánchez de Moscoso, conde de Altamira, ao mosteiro de San Domingos de Santiago de Compostela de todas as súas rendas e posesións nas freguesías de San Xoán de Carbia e Sabreso, ademais das presenta-

ciõns de ambos os beneficios, coa condición de poder enterrarse na capela maior do dito mosteiro. No fol. 2vº inclúense referencias a fundacións realizadas por diversos licenciados.

B.- ACS, LD 7/13. Copia autorizada. Papel. 316x215 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: N.º 6.

Ed.- LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, 1901–1903, pp. 92–93, doc. XXII.

120

1640, abril, 21 – maio, 20.

Pagos realizados por don Diego Osorio e polo conde de Altamira, don Antonio de Moscoso, para saldar as débedas que se contraeran por mor de diversos préstamos.

A.- ACS, LD 7/14. Copia. Papel. 315x219 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Ocaña*, n.º 1.

121

1642, abril, 25. S.l.

Copias autorizadas das concordias realizadas entre o conde de Altamira e os apoderados do seu irmán, D. Baltasar de Moscoso, sobre a herdanza do seu defunto pai, comprométese o primeiro a pagar 18 000 pesos ao convento de San Domingos de Bonaval.

A.- ACS, LD 7/15. Copia autorizada. Papel. 319x222 mm. [28] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

122

1668, maio, 4. S.l.

Copias autorizadas dos títulos de posesión dos beneficios curados de San Pedro de Cardeiro, Santa María de Sabrexo e San Miguel de Orza, cuxa presentación pertencía ao convento de San Domingos de Santiago.

B.- ACS, LD 7/16. Copias autorizadas. Papel. 325x225 mm. [19] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Siguiente del n.º 6.*

123

1541, s.m., s.d. – 1602, agosto, 26. Melide.

Libro de foros do mosteiro de Sancti Spiritus de Melide.

A.- ACS, LD 8/1. Papel. 304x224 mm. 346 fols. Foliado. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Libro 2º.*

Encadernado cun pergameo con texto.

124

1541, abril, 7 – 1543, outubro, 2. S.l.

Fragmento dunha páxina dun libro de foros do mosteiro de Sancti Spiritus de Melide. Fai referencia: ao foro realizado a Gonzalo de Villarino de diversas herdades extra muros da cidade de Melide; ao feito a Gonzalo de Carregal e a súa dona do lugar de Picón; e ao realizado a Gregorio de Querende, zapateiro, e a súa dona, Inés de Querende, dun terzo dunha casa e a metade doutra en Melide.

A.- ACS, LD 8/2. Copia. Papel. 311x213 mm. 1 fol. rº–vº. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Libro 2º.*

125

1544, xaneiro, 13 – 1675, maio, 16. S.l.

Libro que inclúe foros, apeos, testamentos, vendas, concordias e intercambios do mosteiro de Sancti Spiritus da vila de Melide.

A.- ACS, LD 8/3. Papel. 316x218 mm. [116] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

126

1769. S.l.

Memorial dos bens existentes no Hospicio Novo de Santiago de Compostela.

A.- ACS, LD 9/1. Papel. 326x231 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

127

1402, agosto, 4 – 1461, outubro, 23. S.l.

Atado con copias do século xvii de documentación relacionada coa familia Ulloa, probablemente recollida para un preito. Inclúese: testamento de Gonzalo Xores, testamento de Lope Sánchez de Ulloa (1457, novembro, 23), fundación do morgado e vínculo de Lope Sánchez de Ulloa (1461, outubro, 23) e un compromiso entre Sancho Sánchez de Ulloa e o conde de Altamira, Lope Sánchez de Moscoso, sobre a herdanza de Lope Sánchez de Ulloa.

C.- ACS, LD 9/2. Copia simple. Papel. 296x216 mm. 10 fols. Castelán. Estado regular.

128

Post. 1746. S.l.

Manifiesto dos mosteiros da regra de San Bernardo en Galicia contra un memorial de ilustrados da Coruña no que reclamaban a revisión dos foros en mans da orde bieita e ían contra tales propiedades. Os mosteiros defenden a renovación dos devanditos foros; aducían os relixiosos que cobraba máis dos colonos o foreiro que a propia institución. Inclúese unha táboa ao final coas contas das rendas percibidas polos mosteiros e o que queda para os foreiros. Os datos corresponden aos mosteiros de Santa María de Oseira, Santa María de Sobrado, San Clodio do Ribeiro, Santa María de Oia, Santa María de Monfero, Santa María da Armenteira, Santa María de Aciveiro, Santa María de Melón e Santa María de Meira.

C.- ACS, LD 9/3. Copia simple. Papel. 321x202 mm. 21 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Cajón 29. F n.º 52.*

Bibl.: DOPICO, F, *A Ilustración e a sociedade galega*, Vigo, 1978, pp. 49-50.

129

1758, s.m., s.d. S.l.

Copia dun privilexio de Afonso VII (1126, novembro, 17. S.l.) ao mosteiro de Santo Antoño de Toques, no que confirma as doazóns realizadas por diversos monarcas e dóalle varias igrexas, en concreto Santiago de Vilouriz, Santo Estevo de Vilamor, San Pedro de Folladela e a cuarta parte da de Santo Estevo.

C.- ACS, LD 9/4. Copia simple. Papel. 304x223 mm. 2 fols. Latín. Bo estado. Xúntase outra copia incompleta.

Anotación: *Caj. 2 B, cuaderno 6, prosigue a la pieza 4.*

130

1651, maio, 23 – 1774, xullo, 20. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de Cristovo de Carvia, veciño de Ribeira, na freguesía de San Pedro de Sarandón, como herdeiro de Xoán de Matalobos e a súa dona, Inés de Neira, que tiñan feito un censo en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, e pagaban 19 reais e 27 marabedís anualmente por 60 ducados de xeral.

B.- ACS, LD 9/5. Copia autorizada. Papel. 309x210 mm. 9 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 15.*

131

1670, abril, 14 – 1774, xullo, 20. Santiago de Compostela.

Gregorio de Rivas e a súa muller, María de Oporto, entran como fiadores e pagadores da hipoteca que Lourenzo Somoza e a súa muller, María Marques, tiñan feita en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, de 33 reais anuais de rédito por 100 ducados de principal.

B.- ACS, LD 9/6. Copia autorizada. Papel. 312x216 mm. 16 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 14.*

132

1697, marzal, 13 – 1705, decembro, 12. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de Xoán da Igrexa, ferreiro, e a súa muller, Clara de Fragos, veciños de Santa Eulalia de Portela, en favor do colexio de Sancti Spiritus, pola que pagaban anualmente 6 ducados de vellón por 200 ducados de principal.

ACS, LD 9/7. Papel. 312x214 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 13.*

133

1707, novembro, 11. Santiago de Compostela – 1775, xuño, 15. Padrón.

Expediente de hipoteca de Francisco García, labrador de Santa María de Cruces, e os seus fillos, Antonio e Pablo, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pola que pagaban de censo 3 ducados de vellón anuais por 100 ducados de principal.

ACS, LD 9/8. Papel. 311x211 mm. 8 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 11.*

134

1775, xullo, 21. Cambados.

Copia do escribán Andrés de Moreda a petición do colexio de Sancti Spiritus de Santiago do expediente da hipoteca realizada o 21 de setembro de 1695 a D. Diego Abraldes Monteseir, veciño de Cambados, por esta institución e por valor de 200 ducados de principal.

B.- ACS, LD 9/9. Copia autorizada. Papel. 315x212 mm. 26 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 16.*

135

1775, xuño, 15. Santiago de Compostela.

Copia do escribán Andrés de Moreda a petición do colexio de Sancti Spiritus de Santiago do expediente da hipoteca realizada en 1635, maio, 12 a Pedro de Reygada Torrado por esta institución por valor de 400 ducados.

B.- ACS, LD 9/10. Copia autorizada. Papel. 314x211 mm. 20 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 17.*

136

1733, agosto, 29 – 31. S.l.

Expediente de hipoteca de D.^a María Xosefa Fariña, viúva de D. Francisco de Vereá, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pagando anualmente 7 ducados e medio por réditos de 250 de principal. Inclúese a carta de pagamento (agosto, 31) e outra copia anexa ao expediente.

B.- ACS, LD 9/11. Copia autorizada. Papel. 311x211 mm. 17 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 3º.*

137

1739, decembro, 15 – 1774, agosto, 23. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de Vicente de Soto e Caamaño, veciño de San Pedro de Santa Comba, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pagando anualmente 12 ducados de vellón por 400 ducados de principal.

B.- ACS, LD 9/12. Copia autorizada. Papel. 308x211 mm. 10 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 9.*

138

1747, novembro, 8. S.l.

Expediente de hipoteca de D. Xosé Valenzuela en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, polo pagamento por rédito anual 120 reais de vellón, por un principal de 4000 reais. Recolle a hipoteca realizada polo seu irmán, D. Francisco de Valenzuela, agora crego e reitor da igrexa de Santa Baia de Lañas.

B.- ACS, LD 9/13. Copia autorizada. Papel. 310x212 mm. 8 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 2º.*

139

1702, xullo, 3. Santiago de Compostela. – 1749, febreiro, 12. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de D. Benito de Vilar, como apoderado de D. Cristovo Mariño, en favor do colexio compostelán de Sancti Spiritus, pola que pagaba 6 ducados anuais de rédito por 200 de principal (1704, setembro, 24). Inclúese un preito co colexio de Sancti Spiritus para que redima a hipoteca (1708, xaneiro, 18).

B.- ACS, LD 9/14. Copia autorizada. Papel. 312x211 mm. 36 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 5º.*

140

1749, marzal, 15 – 1774, xullo, 22. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de Andrés Martiño Vázquez de Novoa, escribán e veciño de Santiago, en favor do colexio de Sancti Spiritus da Igrexa de Santiago, pagando anualmente por rédito 108 reais de vellón por 3600 de principal. Propiedades hipotecadas na freguesía de San Pedro de Cardeiro.

B.- ACS, LD 9/15. Copia autorizada. Papel. 312x215 mm. 9 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 6º.*

141

1786, decembro, 6. Santiago de Compostela.

Copia do notario D. Luís Antonio de Turnes do expediente de censo e hipoteca realizado polo colexio de Sancti Spiritus a D. Francisco Sotelo, veciño de S. Salvador de Escuadro, e de quen era fiador, D. Pedro Vilasalgueiro, pagará 9 ducados anuais por 300 ducados de principal.

B.- ACS, LD 9/16. Copia autorizada. Papel. 314x216 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

142

1780, maio, 9 – 31. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de Manuel Prabia e a súa muller, María Ignacia Piñeiro, veciños da freguesía de Santa María de Baños, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pola que pagaban anualmente 180 reais por 6000 reais de principal.

B.- ACS, LD 9/17. Copia autorizada. Papel. 309x216 mm. 10 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 12.*

143

1788, marzal, 10 – 1788, marzal, 12. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de D. Xosé Xaquín Núñez de Andrade, veciño de Santiago, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pagando anualmente 360 reais de vellón por un principal de 12 000 reais.

B.- ACS, LD 9/18. Copia autorizada. Papel. 310x216 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 30.*

144

1788, xullo, 23 – 25. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de D. Andrés Canicoba e o seu irmán, Xoán Canicoba, veciños da freguesía de San Miguel de Castro, a favor do colexio compostelán de Sancti Spiritus, pagando, por 4400 reais de principal, 132 reais anuais de rédito.

ACS, LD 9/19. Papel. 310x216 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 28.*

145

1788, agosto, 11 – 19. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de Pedro Pereira e Domingo Antonio Pereira, veciños de San Breixo de Arcos, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pagando 132 reais de vellón anualmente por 4400 reais de principal.

B.- ACS, LD 9/20. Copia autorizada. Papel. 310x218 mm. 8 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 29.*

146

1789, maio, 31 – 1789, xullo, 1. Santiago de Compostela.

Expediente de hipoteca de Xoán López e a súa dona, Antonia García, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pagando 165 reais anualmente por 500 ducados de principal.

B.- ACS, LD 9/21. Copia autorizada. Papel. 312x214 mm. 6 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 27.*

147

1789, xuño, 6 – 9. Santiago de Compostela.

Hipoteca de Domingo Núñez Espantoso, veciño de Santiago, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pagando 165 reais de rédito anual por 500 ducados de vellón de principal.

B.- ACS, LD 9/22. Copia autorizada. Papel. 316x216 mm. 4 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos atado 32.*

148

1789, xuño, 18 – 22. Santiago de Compostela.

Hipoteca de Mateo de Casal, veciño da freguesía de Santa María de Lamas, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, pagando 60 reais anuais por 2000 reais de principal.

B.- ACS, LD 9/23. Copia autorizada. Papel. 312x216 mm. 4 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 31.*

149

1795, outubro, 31 – 1795, novembro, 6. Santiago de Compostela.

Hipoteca de Baltasar de Leis, veciño de Santiago, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, por rédito de 240 reais anuais a cambio de 8000 reais de vellón de principal.

B.- ACS, LD 9/24. Copia autorizada. Papel. 314x210 mm. 4 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 33.*

150

1797, agosto, 13 – 1797, setembro, 4. Santiago de Compostela.

Hipoteca de Xosé Vázquez e a súa dona, María do Río, en favor do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, polo pagamento anual de 240 reais por 8000 reais de principal.

B.- ACS, LD 9/25. Copia autorizada. Papel. 311x215 mm. 8 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 34.*

151

1797, outubro, 21 – 1797, novembro, 19. Santiago de Compostela.

Hipoteca de Xacobo Diz, labrador e veciño de San Mamede de Rois, en favor do colexio de Sancti Spiritus da Igrexa de Santiago, por rédito anual de 90 reais de vellón por un principal de 3000 reais de vellón.

B.- ACS, LD 9/26. Copia autorizada. Papel. 315x218 mm. 4 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: *Mazo de censos, atado 35.*

152

1817, agosto, 22. A Coruña. – 1818, decembro, 16. Santiago de Compostela.

Despacho de D. Felipe Augusto, capitán xeneral do Reino de Galicia, a petición do colexio de Sancti Spiritus de Santiago, polo que se ordena a D.^a Xertrudis Pardiñas o pago do censo e hipoteca que contraera coa institución. O atado inclúe o desenvolvemento do preito.

C.- ACS, LD 9/27. Copia simple. Papel. 314x226 mm. 95 fols. Castelán.
Bo estado.

153

1688, maio, 1 – 1690, marzal, 10. San Martiño de Meis.

Autos executivos de embargo e venda de bens no preito dirimido ante a xustiza ordinaria de San Tomé do Mar por instancia de Benito Pérez Mercader, veciño da vila de Pontevedra, contra Juan do Sisto, veciño da freguesía de San Martiño de Meis, por unha débeda de 614 reais de vellón, quen apelou sen éxito ante a Real Audiencia de Galicia.

A.- ACS, LD 9/28. Orixinal. Papel. 316x216 mm. 30 fols. Castelán. Bo estado. Parcialmente foliado.

154

1712 – 1714.

Libro de facenda do convento de Arzúa en relación ao partido de Arzúa e o seu contorno. Contén referencias dende a Idade Media.

A.- ACS, LD 10/1. Orixinal. Papel. 312x220 mm. [243] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

Encadernado en pergameo.

155

1676.

Libro de apeos do mosteiro de Santa Clara de Santiago.

A.- ACS, LD 11/1. Orixinal. Papel. 330x238 mm. 665 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: *Libro 35*. Encadernado en pergameo.

156

1506, agosto, 22. Santiago de Compostela.

Testamento de Pedro Peiteado, con referencia a un foro do mosteiro de Santa Clara.

A.- ACS, LD 11/2. Orixinal. Papel. 300x215 mm. 1 fol. Castelán. En mal estado orixinalmente pero restaurado.

157

1807, maio, 09 – 1808, abril, 24. S.l.

Alleamento de bens dos beneficios sinecura de San Salvador de Cecebre e Santa Marta de Ortigueira, pertencentes ao Hospital Real da cidade de Santiago, para contribuír ao seu sostemento, realizado polo licenciado D. Manuel Salas e Herrera, avogado dos Reales Consejos e xuíz comisionado polo intendente xeral do exército do Reino de Galicia. Entre outros bens, para favorecer os ingresos do Hospital, concédenselle os beneficios sinecura de Santa María de Marrozos, Santa María de Budiño, San Miguel de Cire, San Xoán de Friolfe e San Mamede de Corvillón.

C.- ACS, LD 12/1. Copia simple. Papel. 325x224 mm. 8 fols. Castelán. Bo estado.

158

1880, xullo, 16. [Santiago de Compostela].

Carta do cardeal Payá na que se lle comunica a López Ferreiro a suspensión da capacidade de confesar e oficiar por unha viaxe a Roma sen autorización.

A.- ACS, LD 12/2. Orixinal. Papel. 211x165 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

159

1894, setembro, 16. Sevilla.

Carta de Antonio Lorán a López Ferreiro na que lle pide un exemplar da obra Rudimentos de Arqueología Cristiana por Villa-Amil y Castro.

A.- ACS, LD 12/3. Orixinal. Papel. 210x134 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

160

1901, xuño, 16. Madrid.

Carta-folleto de Francisco R. de Uhagón e de Vicente Vignana López Ferreiro na que lle recomenda a compra da obra Índice de pruebas de los caballeros que han vestido el hábito de Santiago desde el año 1501 hasta la fecha, por un prezo de 10 ptas.

A.- ACS, LD 12/4. Orixinal. Papel. 210x129 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

161

1908, abril, 14. Pau.

Carta de Paus Lafond, do museo de Vila de Pau, a López Ferreiro para que lle facilite dúas fotografías –unha do Pórtico da Gloria e outra da fachada de Pratarías– para unha publicación.

A.- ACS, LD 12/5. Orixinal. Papel. 216x272 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

162

1908, maio, 20. Madrid.

Carta de Eduardo Rivadulla para que, por encargo do marqués de Figueroa, López Ferreiro se informe sobre as obras que parece ser que se ían realizar na Catedral de Santiago e que impida calquera prexuízo para o templo.

A.- ACS, LD 12/6. Orixinal. Papel. 210x122 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

163

1908, maio, 31. San Vicente de Ribadulla.

Carta a López Ferreiro de D. Xosé García López, párroco, na que lle pide para outro cura párroco amigo seu unha biografía de S. Rosendo de Celanova como a que xa lle mandara a el.

A.- ACS, LD 12/7. Orixinal. Papel. 179x114 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

164

18[5]9, decembro, 21. [Capela de Santa Lucía. Santiago de Compostela].

Concesión a López Ferreiro da primeira tonsura clerical.

A.- ACS, LD 12/8. Orixinal. Papel. 211x292 mm. 1 fol. Latín. Bo estado, aínda que lle falta a marxe dereita.

165

1860, marzal, 23. Santiago de Compostela.

Concesión a López Ferreiro das ordes menores e o subdiaconado, a título patrimonial.

A.- ACS, LD 12/9. Orixinal. Papel. 210x303 mm. 1 fol. Latín. Bo estado.

166

1861, abril, 24. Santiago de Compostela.

Título de bacharel en Teoloxía de López Ferreiro, coa cualificación de sobresaliente.

A.- ACS, LD 12/10. Orixinal. Papel. 307x435 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

167

1862, marzal, 15. Santiago de Compostela.

Título da ordenación sacerdotal de López Ferreiro.

A.- ACS, LD 12/11. Orixinal. Papel. 215x307 mm. 1 fol. Latín. Bo estado.

168

1888, decembro, 30. Roma.

Título de concesión da Santa Sé da Cruz «Pro Ecclesia et Pontifice» a López Ferreiro.

A.- ACS, LD 12/12. Orixinal. Papel. 463x302 mm. 2 fols. Latín. Bo estado.

169

Ss. XIX-XX. S.l.

Atado con gran cantidade de notas de López Ferreiro acerca de inscricións romanas en Gallaecia e Lusitania e referencias e transcricións de documentación altomedieval, dende o ano 40 d.C. ata o ano 900.

R.- ACS, LD 12/13. Notas. Papel. 320x223 mm. Sen foliar. Bo estado. Solta a primeira folla.

170

Ss. XIX-XX. S.l.

Listaxe dos arcebispos de Oviedo, León e Astorga no século X que abrangue os anos 899-1000.

R.- ACS, LD 12/14. Notas. Papel. 313x215 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

171

Ss. XIX-XX. S.l.

Transcricións e notas de López Ferreiro de documentación do século X relacionada con diversas institucións e parroquias galegas co marco cronolóxico 902, xaneiro, 1 – 999, xaneiro, 5. Hai documentación transcrita en diversas cuartillas no medio do atado.

R.- ACS, LD 12/15. Notas. Papel. 318x233 mm. Castelán e latín. Bo estado.

172

Ss. XIX-XX. S.l.

Atado con multitude de copias e transcricións, realizadas por López Ferreiro, de documentación do século XIII, moitas delas sacadas de tombos composteláns, como o Tombo B ou o C, e co marco cronolóxico 1201–1298. Trátase de documentos relacionados coas máis variadas institucións galegas.

R.- ACS, LD 13/1. Notas. Papel. 321x224 mm. Bo estado.

173

Ss. XIX-XX. S.l.

Breves notas de López Ferreiro sobre o colexio de Sancti Spiritus de Santiago, que recollen referencias de diversas doazóns, co marco cronolóxico 1313, xuño, 2 – 1429, novembro, 26.

R.- ACS, LD 13/2. Notas. Papel. 225x160 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

174

Ss. XIX-XX. S.l.

Notas tomadas por López Ferreiro do Tombo E da Catedral de Santiago, nas que intercala algunha referencia do Tombo H, co marco cronolóxico 1380, outubro, 31 – 1419, xuño, 12.

R.- ACS, LD 13/3. Notas. Papel. 219x164 mm. 34 fols. Galego, castelán e latín. Bo estado.

175

Ss. XIX-XX. S.l.

Notas e referencias de López Ferreiro sobre temas diversos tomadas do Tombo H da Catedral de Santiago, co marco cronolóxico 1388, setembro, 8 – 1400, marzo, 8. Inclúese previamente unha pequena lista de persoas relacionadas coa obra da Igrexa de Santiago entre 1241 e 1503.

R.- ACS, LD 13/4. Notas. Papel. 222x161 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

176

Ss. XIX-XX. S.l.

Atado con transcricións de López Ferreiro de documentación de finais do século XIV e a primeira metade do XV (1421–1443) relacionada coa Igrexa de Santiago, principalmente testamentos, comezando co testamento de Paio Mariño (sen data).

R.- ACS, LD 13/5. Notas. Papel. 342x238 mm. Galego e latín. Bo estado.

177

Ss. XIX-XX. S.l.

Notas tomadas por López Ferreiro sobre foros realizados por cónegos da Igrexa de Santiago en tempo de D. Lope de Mendoza e D. Álvaro de Isorna, co marco cronolóxico 1433, setembro, 14 – 1451, agosto, 13. Inclúese unha copia do preito entre o Cabido de Santiago e Fernán Pérez de Andrade sobre os cotos de Monferral e Feáns.

R.- ACS, LD 13/6. Notas. Papel. 221x160 mm. 9 fols. Galego e castelán. Bo estado.

178

Ss. XIX-XX. S.l.

Notas de López Ferreiro e transcricións sobre a obra e fábrica das reixas antigas do coro e a Capela Maior da Igrexa de Santiago co marco cronolóxico 1502, xuño, 26 – 1558, novembro, 22.

R.- ACS, LD 13/7. Notas. Papel. 211x152 mm. 19 fols. Castelán. Bo estado.

179

Ss. XIX-XX. S.l.

Notas e transcricións da acta das visitas de D. Alonso de Velasco, visitador xeral do arcebispado de Santiago en 1547, ás igrexas de Muros, Fisterra e Muxía. López Ferreiro aclara que «corresponde al cap. XXVII».

R.- ACS, LD 13/8. Notas. Papel. 223x161 mm. 30 fols. Castelán. Bo estado.

180

Ss. XIX-XX. S.l.

Diversas referencias tomadas por López Ferreiro de 1589–1704 relacionadas coa milicia e aspectos militares. Comézase cun «Índice de provisiones de guerra y repartimientos de armas y otras regalías de la Dignidad».

R.- ACS, LD 13/9. Notas. Papel. 221x159 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

181

Ss. XIX-XX. S.l.

Notas e referencias de López Ferreiro, en varias follas soltas, relacionadas, entre outros aspectos, con obras e doazóns na Igrexa compostelá de 1602, maio, 24 – 1776 e incluíndo referencias a unha acta capitular de 1602.

R.- ACS, LD 13/10. Notas. Papel. 14 fols. Castelán. Conservación regular.

182

Ss. XIX-XX. S.l.

Índice de López Ferreiro e referencias de documentación relacionada coa Igrexa compostelá entre 1718 e 1812.

R.- ACS, LD 13/11. Notas. Papel. 345x240 mm. Bo estado.

183

2ª metade s. XIX. S.l.

Borrador do informe remitido a Roma sobre a veracidade dos restos achados na Catedral de Santiago do Apóstolo Santiago, os cales foran agochados en época moderna.

A.- ACS, LD 13/12. Orixinal. Papel. 320x222 mm. 28 fols. Castelán. Bo estado.

184

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Notas de López Ferreiro sobre as características artísticas dos templos de Bouzas, Castrelo, Oia, Santísima Trindade de Baiona, Santa Baia e a Sé Velha de Coimbra.

R.- ACS, LD 13/13. Notas. Papel. 319x223 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

185

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Notas varias de López Ferreiro sobre un privilexio concedido á Igrexa de Lugo pouco despois do concilio de Salamanca (1199) e sobre a Guerra da Independencia.

R.- ACS, LD 13/14. Notas. Papel. 336x231 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

186

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Notas de López Ferreiro sobre o Tombo G da Igrexa de Santiago e do seu contido.

R.- ACS, LD 13/15. Notas. Papel. 322x221 mm. 8 fols. Galego e castelán.
Bo estado.

187

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Notas diversas de López Ferreiro; comeza con referencias ao descubrimento do corpo do Apóstolo Santiago, así como comentarios acerca de varios bispos composteláns; e continúa co índice dun traballo titulado Memoria de los usos y costumbres de este monasterio de San Martiño de Santiago.

R.- ACS, LD 13/16. Notas. Papel. 275x215 mm. 7 fols. Castelán. Bo estado.

188

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas de López Ferreiro referentes á doazón de varias vilas por Oduario Tedomir e a súa muller, Scevanto, sen descendencia, ao mosteiro de Celanova, do 1000, marzal, 2. Celanova.

R.- ACS, LD 13/17. Notas. Papel. 150x109 mm. 1 fol. Latín. Bo estado.
Anotación: *Cartulario Lib. I, n.º 69.*

189

Ss. XIX–XX. S.l.

Cuartilla practicamente en branco con dúas únicas mencións a dous abades do mosteiro de San Pedro de Fóra, de 1214–1254.

R.- ACS, LD 13/18. Notas. Papel. 220x158 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

190

Ss. XIX–XX. S.l.

Breves notas de López Ferreiro sobre as abadesas de Santa Clara de Santiago do período 1296–1299.

R.- ACS, LD 13/19. Notas. Papel. 214x155 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

191

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas de López Ferreiro do período 1422–1483 con diversos nomes pertencentes a familias nobiliarias galegas, facendo especial referencia ao feito de deixar libre D.^a Mencía Sarmiento, como titora do seu fillo, D. Francisco Sarmiento, o priorado de Santa María de Sar (1468, agosto, 22).

R.- ACS, LD 13/20. Notas. Papel. 229x167 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

No dorso copia dunha carta ou un texto literario en galego.

192

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas de López Ferreiro do período 1461–1464 sobre o arcebispo D. Alonso de Fonseca I. Insírese un fragmento de papel escrito que completa as notas.

R.- ACS, LD 13/21. Notas. Papel. 219x160 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

193

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas de López Ferreiro acerca da visita do barón Rozmital a Santiago (anverso) e dos actos fúnebres polo arcebispo D. Alonso de Fonseca I (reverso) no marco cronolóxico 1467–1468.

R.- ACS, LD 13/22. Notas. Papel. 155x115 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

194

Ss. XIX–XX. S.l.

Diversas notas de López Ferreiro acerca dos Reis Católicos en relación con Galicia co marco cronolóxico cc. 1477–1501. Insírense copias e referencias das seguintes fontes: Hispaniam rerum Ferdinanduo rege et Elisabet regina gestarum, lib. IV, cap. III; Memorial de cosas antigüas, Biblioteca Colombina, t. 112 de Varios.

R.- ACS, LD 13/23. Notas. Papel. 205x262 mm. 2 fols. Castelán e latín. Estado regular.

195

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas diversas de López Ferreiro sobre D. Alonso de Fonseca II co marco cronolóxico 1483, decembro, 20 – 1506.

R.- ACS, LD 13/24. Notas. Papel. 160x116 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

196

Ss. XIX–XX. S.l.

Nota de López Ferreiro co marco cronolóxico 1495, febreiro, 22 – 1496, febreiro, 1 acerca da carta de pagamento que recibe o mercador compostelán Rodrigo Eanes como testamenteiro do notario Álvaro Cerviño, por parte do comendador de Conxo.

R.- ACS, LD 13/25. Notas. Papel. 122x163 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

197

Ss. XIX–XX. S.l.

Referencias tomadas por López Ferreiro sobre o desembarco na Coruña de Felipe el Hermoso e a súa dona, D.^a Juana, de 1506, abril, 28. A Coruña.

R.- ACS, LD 13/26. Notas. Papel. 222x130 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

198

Ss. XIX–XX. S.l.

Breves notas de López Ferreiro acerca do convento de San Paio de Antealtares, 1506, novembro, 18 – 1514, maio, 25.

R.- ACS, LD 13/27. Notas. Papel. 216x117 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

199

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas de López Ferreiro sobre o arcebispo D. Alonso de Fonseca III, 1508–1576.

R.- ACS, LD 13/28. Notas. Papel. 159x118 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

200

Ss. XIX–XX. S.l.

Breves notas de López Ferreiro acerca de tres provisións de amparo ao mosteiro de San Martiño Pinario (dúas da raíña D.^a Juana e outra de Carlos I), co marco cronolóxico 1510, marzal, 18 – 1521, outubro, 23.

R.- ACS, LD 13/29. Notas. Papel. 220x150 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

201

Ss. XIX–XX. S.l.

Litteræ curiales de Adriano VI (1522, maio, 31. S.l.) coa condena e crítica do pensamento herético de Martín Lutero, texto copiado dunha obra de González de Ávila. Copia realizada por López Ferreiro.

C.- ACS, LD 13/30. Copia simple. Papel. 220x 157 mm. 2 fols. Latín. Bo estado.

Ed.- GONZÁLEZ DE ÁVILA, *Historia de las antigüedades de la ciudad de Salamanca*, lib III, cap. XXI, 1606.

202

Ss. XIX–XX. S.l.

Breves notas de López Ferreiro acerca do mosteiro compostelán de Santa Cristina da Pena e dun foro realizado por este a dona Elvira de Lobeira (1534, abril, 10. S.l.).

R.- ACS, LD 13/31. Notas. Papel. 220x158 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

203

Ss. XIX–XX. S.l.

Referencias de López Ferreiro sobre as rendas pagadas nos lugares de Silvouta (Santa María de Vilvestro), Portela (Santa María de Vilvestro), Vidán (Santa María de Conxo) e Torrente (Santa María de Conxo), co marco cronolóxico 1679, xuño, 22 – 1762, outubro, 6. S.l.

R.- ACS, LD 13/32. Notas. Papel. 199x131 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

No dorso invitación para unha procesión da Virxe do Carme.

204

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas tomadas por López Ferreiro do Arquivo de San Martiño Pinarío acerca da bendición da nova igrexa de San Paio (1707, maio, 21 – 23. S.l.).

R.- ACS, LD 13/33. Notas. Papel. 161x110 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

205

Ss. XIX–XX. S.l.

Notas de López Ferreiro sobre o cabido celebrado nesta data, no que se notifica o falecemento do mariscal de campo D. Martiño da Carrera, co marco cronolóxico 1745–1812, abril, 27. Hai tamén notas acerca de pagos por diversas obras na Igrexa compostelá dos anos 1745, 1746 e 1747.

R.- ACS, LD 13/34. Notas. Papel. 161x112 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

206

Ss. XIX–XX. S.l.

Referencias de López Ferreiro do envío de flores ao P. Fr. Juan Nieto, menor de San Francisco, da parroquia de Santiago, e ao P. Fr. Buenaventura Tellado, menor da provincia de Santiago (1776–1809).

R.- ACS, LD 13/35. Notas. Papel. 154x107 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

207

Ss. XIX–XX. S.l.

Diversas notas de López Ferreiro acerca dos festexos e ofrendas no último cuarto do século XVIII na Igrexa compostelá e da toma de posesión por parte do arcebispo Bocanegra o 19 de abril de 1773.

R.- ACS, LD 13/36. Notas. Papel. 134x106 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

208

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Nota de López Ferreiro sobre o igrexario de San Pedro de Buno, aforado a Tomás da Igrexa.

R.- ACS, LD 13/37. Notas. Papel. 101x151 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

No dorso necrolóxica de D.^a Ana Calzada.

209

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Notas de López Ferreiro de diversas referencias bibliográficas, coa extracción de mencións á Igrexa compostelá.

R.- ACS, LD 13/38. Notas. Papel. 200x150 mm. 1 fol. Castelán e latín. Bo estado.

210

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Recortes tomados dun xornal acerca das celebracións realizadas ao regreso de Fernando VII tras a Guerra da Independencia, co marco cronolóxico 1791–1813, outu-

bro, 19 – 22. Notas no folio de cuberta sobre a fábrica da Catedral compostelá nos anos 1791, 92, 93 e 94.

R.- ACS, LD 13/39. Notas. Papel. 338x230 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

211

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Conxunto de 6 fotografías, unha delas do Pórtico da Gloria, outra posiblemente do castro de Lupario e o resto sen identificar.

R.- ACS, LD 13/40. Notas. Bo estado.

212

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Copia de López Ferreiro dunha inscrición romana de León que fai referencia a Atio Macrón, cónsul no ano 134 d. C.

R.- ACS, LD 13/41. Notas. Papel. 202x131 mm. 1 fol. Latín. Bo estado.

213

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcricións de López Ferreiro do testamento de D.^a Urraca Fernández (1199, xullo, 30. S.l.).

C.- ACS, LD 13/42. Copia simple. Papel. 316x222 mm. 4 fols. Latín. Bo estado.

A.- ACS, Tombo C 1, fol. 10.

Ed.- LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, 1901–1903, pp. 84–89, doc. XX.

214

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcricións de López Ferreiro da narración dos ataques que sufrira a Igrexa de Santiago por parte das Irmandades e os seus membros, da queixa que o arcebispo D. Lope de Mendoza remitira ao pontífice Martiño V e da resposta deste (1422, novembro, 13. S.l.).

C.- ACS, LD 13/43. Copia simple. Papel. 311x219 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

Faise referencia a ACS, *Extracto de bulas* (sen localizar).

215

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcricións de López Ferreiro da apertura e lectura pública do testamento do arcebispo compostelán D. Rodrigo de Luna, ante o cóengo e notario D. Pedro de Muros [1460, xullo, 1. Rocha Blanca (Padrón)].

C.- ACS, LD 13/44. Copia simple. Papel. 315x219 mm. 3 fols. Galego. Bo estado.

216

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcrición de López Ferreiro dunha litteræ excutoriæ de Inocencio VIII dirixida aos bispos de Ávila, de Segovia e de Sigüenza (1489, s.m., s.d. S.l.) sobre as visitas nas provincias.

C.- ACS, LD 13/45. Copia simple. Papel. 165x112 mm. 4 fols. Latín. Bo estado.

217

1882, maio, 19. S.l.

Transcrición de Francisco González Gómez, reitor de Santa María de Sar, enviada a López Ferreiro, da doazón realizada polo abade de San Martiño Pinarío, D. Fr. Xoán de Melgar, a Lope Gómez de Marzala, do mosteiro de San Paio de Antealtares, para a fundación dun colexio para estudantes pobres (1495, setembro, 4).

A.- ACS, LD 13/46. Copia simple. Papel. 315x219 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

218

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcrición incompleta de López Ferreiro de dúas bulas, unha delas de Xulio II, nas que se realizaba a regulamentación de institucións como o Hospital Real de

Santiago ou o convento de Santa Clara de Santiago e as súas diversas concesións (1512, abril, 30. S.l.).

C.- ACS, LD 13/47. Copia simple. Papel. 317x220 mm. 2 fols. Latín. Bo estado.

Ed.- LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, 1901–1903, pp. 542–555, doc. XXVII.

219

1876, setembro, 2. Vilaxoán.

Transcrición de López Ferreiro das sesións e concilio provincial de Salamanca (1569, setembro, 2).

C.- ACS, LD 13/48. Copia simple. Papel. 318x222 mm. 20 fols. Bo estado.

Ed.- *Colección de cánones de la Iglesia española*, t. IX, pp. 314 ss.

220

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcrición de López Ferreiro da dotación realizada por Gómez Álvarez en nome de Gonzalo Fariña dunha sepultura na capela de D. Lope de Mendoza na Igrexa compostelá (1574, abril, 10. Santiago de Compostela).

C.- ACS, LD 13/49. Copia simple. Papel. 319x218 mm. 1 fol. Castelán. Bo estado.

Anotación: 37.

221

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcrición de López Ferreiro das dotacións de dúas sepulturas realizadas por Domingo Bermúdez de Saavedra e por D.^a Xenebra de Soutomaior e Aro, ambas na capela de D. Lope de Mendoza da Igrexa compostelá, co marco cronolóxico 1597, abril, 5 – 1601, outubro, 28. Santiago de Compostela.

C.- ACS, LD 13/50. Copia simple. Papel. 320x219 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

Anotación: 38.

222

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Transcrición de López Ferreiro da acta capitular do Cabido da Igrexa de Santiago de Compostela celebrado en 1627, abril, 23, na que se debateu a comisión acerca do nicho que se quería facer para os restos do arcebispo D. Xoán Beltrán de Guevara.

C.- ACS, LD 13/51. Copia simple. Papel. 310x216 mm. 2 fols. Bo estado.

Anotación: N.º XIII.

Incompleto.

223

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Nota en que se fai referencia ás memorias do marqués de Mondéxar ilustradas polo P. Francisco Cerda, de 1783. No interior aparece unha transcrición, pero abreviada por López Ferreiro e de moi difícil descifrado.

C.- ACS, LD 13/52. Copia simple. Papel. 162x101 mm. 2 fols. Castelán e latín. Bo estado.

224

Finais s. XIX – ppios. s. XX. S.l.

Fragmento da transcrición dunha litteræ pontificia pola que se concede graza e indulxencias ao Hospital de Sancti Spiritus de «Saxin», algo que xa concedera o pontífice Xulio II (post. 1513. S.l.).

C.- ACS, LD 13/53. Copia simple. Papel. 224x154 mm. 1 fol. Latín. Bo estado.

225

1743, outubro, 3 – 1772. S.l.

Libro de contas da confraría de Nosa Señora da Quinta Angustia.

A.- ACS, LD 14/1. Orixinal. Papel. 310x200 mm. 238 fols. Foliado ata fol. 190. Castelán. Bo estado.

226

1775, abril, 19 – 1868. S.l.

Libro de caridades da confraría de Nosa Señora da Quinta Angustia, no que se recollen os cobros da institución por pagamentos de caridade.

A.- ACS, LD 14/2. Orixinal. Castelán. Papel. 300x213 mm. 218 fols. Bo estado.

227

1793, xaneiro, 29 – 1810, decembro, 28. S.l.

Libro de contas da confraría de Nosa Señora da Quinta Angustia.

A.- ACS, LD 14/3. Orixinal. Papel. 319x227 mm. [39] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

228

1675, outubro, 12 – 1830, xullo, 26.

Libro que recolle as referencias documentais da pertenza de diversos bens á confraría da Quinta Angustia, por perder o tomo en que se recollían tales documentos.

A.- ACS, LD 14/4. Orixinal. Papel. 302x217 mm. 173 fols. Todo foliado, pero unicamente escrito ata o fol. 14rº. Castelán. Bo estado.

229

1693 – 1720. S.l.

Libro de instrumentos e escrituras –principalmente foros– da confraría de Nosa Señora da Quinta Angustia, da cidade de Santiago.

A.- ACS, LD 15/1. Orixinal. Papel. 324x223 mm. [139] fols. Sen foliar. Castelán. Conservación regular. Encadernado.

230

1698, xuño, 26 – 1725, novembro, 24. S.l.

Libro en que se recollen as diversas memorias e cláusulas testamentarias referentes ao convento de Santo Antonio da Pobra do Deán.

A.- ACS, LD 15/2. Orixinal. Papel. 208x226 mm. 241 fols. Foliado. Castelán. Bo estado.

231

1678, outubro, 3 – 1709, outubro, 2. [Santiago de Compostela].

Libro de patentes da provincia de Santiago.

A.- ACS, LD 15/3. Orixinal. Papel. 297x202 mm. 171 fols. Foliado ata fol. 158. Castelán. Bo estado.

232

1773, xaneiro, 1 – 1836, novembro, 1. S.l.

Libro de fábrica da confraría de Nosa Señora da Pastoriza, da parroquia de San Miguel dos Agros, na cidade de Santiago, contas tomadas ao tesoureiro Antonio Becerra.

A.- ACS, LD 15/4. Orixinal. Papel. 317x229 mm. [150] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

233

1446 – 1520. S.l.

Libro de escrituras e documentos restaurados relacionados coa cidade de Santiago, como testamentos, foros de veciños, poderes notariais, etc. O índice foi realizado en 1918 polo arquivista D. Pablo Pérez Costanti por instancia do P. Celestino García Romero, quen asumiu tamén a restauración e encadernación.

A.- ACS, LD 16. Orixinal. Papel e pergameo. 331x234 mm. 331 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

234

1494, xaneiro, 9 – decembro, 14. S.l.

Libro de notas e rexistro do ano 1494 do notario santiagués Roi Pereira.

A.- ACS, LD 17/1. Orixinal. Papel. 328x245. 166 fols. Foliado. Castelán. Estado regular. Con índice.

No lombo: *Libro 5.*

235

1805, setembro, 12. Santiago de Compostela.

Expediente do auto e declaración do preito presentado na Audiencia da cidade de Santiago, entre María Caetana Veiro, veciña de Muros, e Pedro Rodríguez, veciño de

Cuenca de Campos (León); ela declara ter catro fillos de Pedro Rodríguez e non recibir del ningún tipo de axuda económica. Senténciase finalmente contra a demandante.

A.- ACS, LD 17/2. Orixinal. Papel. 311x212 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

236

1830. [Santiago de Compostela].

Libro de encabezamentos co pago de impostos das vilas correspondentes da provincia de Santiago de Compostela.

A.- ACS, LD 18/1. Orixinal. Papel. 302x220 mm. 271 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

237

1606, xaneiro, 29 – decembro, 19. S.l.

Libro de escrituras e notas do escribán coruñés Pedro López de Basadre.

A.- ACS, LD 17/3. Orixinal. Papel. 302x213 mm. 157 fols. Foliado. Castelán. Estado regular. Con índice.

238

1749, xaneiro, 15 – decembro, 31. S.l.

Atado que contén o rexistro e escrituras referentes ao ano 1749 do notario D. Lucas de Limeres e Senra, veciño e notario da freguesía de San Mamede de Piñeiro.

A.- ACS, LD 17/4. Orixinal. Papel. 312x216 mm. 31 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

239

1761, xaneiro, 16 – decembro, 31. S.l.

Atado que contén o rexistro e escrituras referentes ao ano 1761 do notario D. Lucas de Limeres e Senra, veciño e notario da freguesía de San Mamede de Piñeiro.

A.- ACS, LD 17/5. Orixinal. Papel. 313x220 mm. 23 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

240

1765, xaneiro, 13 – decembro, 2. S.l.

Atado que contén o rexistro e escrituras referentes ao ano 1765 do notario D. Lucas de Limeres e Senra, veciño e notario da freguesía de San Mamede de Piñeiro.

A.- ACS, LD 17/6. Orixinal. Papel. 315x215 mm. 34 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

241

1767, febreiro, 17 – decembro, 31. S.l.

Atado que contén o rexistro e escrituras referentes ao ano 1767 do notario D. Lucas de Limeres e Senra, veciño e notario da freguesía de San Mamede de Piñeiro.

ACS, LD 17/7. Orixinal. Papel. 314x216 mm. 18 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

242

1768, febreiro, 5 – decembro, 31. S.l.

Atado que contén o rexistro e escrituras referentes ao ano 1768 do notario D. Lucas de Limeres e Senra, veciño e notario da freguesía de San Mamede de Piñeiro.

A.- ACS, LD 17/8. Orixinal. Papel. 312x215 mm. 18 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

243

1779, xaneiro, 30 – novembro, 13. S.l.

Atado que contén o rexistro e escrituras referentes ao ano 1779 do notario D. Lucas de Limeres e Senra, veciño e notario da freguesía de San Mamede de Piñeiro.

A.- ACS, LD 17/9. Orixinal. Papel. 315x220 mm. 28 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Con índice.

244

1665, febreiro, 5 – outubro, 13. S.l.

Atado con rexistro e notas referentes ao ano 1665 de Alonso de Reino e Losada, escribán da vila de San Tomé do Mar.

A.- ACS, LD 17/10. Orixinal. Papel. 317x220 mm. 47 fols. Foliado. Castelán. Bo estado. Solta a última folla.

245

1836 – 1840. S.l.

Libro integrado por oito atados que recollen as recadacións e pensións por fundacións e obras pías dos conventos franciscanos seguintes: San Francisco da Pobra do Deán, San Francisco de Noia e San Francisco de Muros. Na tapa en pergameo do libro unicamente aparece o nome de «San Antonio de la Puebla».

A.- ACS, LD 18/2. Orixinal. Papel. 306x221 mm. [299] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

246

1611, novembro, 9 – 1633, xullo, 9. S.l.

Atado que contén diversas posesións e vendas de propiedades relacionadas co padroado de Altamira do convento de Nosa Señora da Cerca. Inclúese unha carta impresa de poder do convento aos frades Fr. Francisco de Figueira e Fr. Bernabé de Armas para a xestión das propiedades e para actuaren en nome da institución.

A/B.- ACS, LD 18/3. Altérnanse orixinais e copias autorizadas. Papel. 319x215 mm. 37 fols. Castelán. Bo estado.

247

1637, marzal, 6 – 1667, febreiro, 18. S.l.

Traslado realizado por Domingo Antonio Sánchez, escribán do Cabido da Igrexa de Santiago, da escritura entre o convento de Nosa Señora da Cerca e o conde de Altamira, no cal se determina a Gaspar de Moscoso Osorio, fillo do fundador do convento, como novo patrón e se establecen as condicións de tal padroado. Copia feita a petición do propio convento.

B.- ACS, LD 18/4. Copia autorizada. Papel. 309x214 mm. 16 fols. Castelán. Bo estado.

248

1584, marzal, 10 – 17. Santiago de Compostela.

Expediente de anexión dos beneficios curados de San Xoán de Pravio e San Xulián de Cela (marzal, 17). Inclúe o título de anexión perpetua concedido polo provisor e vigairo xeral da Igrexa de Santiago, D. Antonio Porto Carrero (marzal, 10).

A.- ACS, LD 19/1. Orixinal. Papel. 385x275 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.
Anotación: Caja 5. A 1. Pieza 31.

249

152?, s.m., s.d. [Santiago de Compostela].

Memorial do deán e Cabido da Igrexa de Santiago que o cardeal Puga debía levar e presentar na Corte ante o arcebispo Alonso de Fonseca III, e no que se realizaban diversas queixas.

C.- ACS, LD 19/2. Copia simple. Papel. 309x217 mm. 2 fols. Castelán.
Estado regular.

250

1736.

Memorial impreso do Cabido da Igrexa de Santiago sobre o sínodo celebrado polo arcebispo D. Xosé de Yermo y Santibáñez.

D.- ACS, LD 19/3. Copia impresa. Papel. 300x200 mm. 37 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: Cajón 29, F n.º 47. Archivo de San Martín.

251

1691, outubro, 6. Santiago de Compostela.

Atado que inclúe dúas cartas impresas que o arcebispo de Santiago, Fr. Antonio de Monroy, remite ao Rei a raíz das queixas xurdidas nunha visita ordinaria á Universidade e Colexio de Santiago polo cóengo e visitador para esas institucións D. Xoán de Carantoña.

D.- ACS, LD 19/4. Copia impresa. Papel. 306x217 mm. 26 fols. Castelán.
Bo estado.

Anotación: Cajón 29. B 2. No vº do último fol.: *Ynformes de el Arçobispo en el preito con Fonseca*. Foliado, pero coa numeración de fols. 96–122.

252

1531, xaneiro, 8 – 1784, marzal, 8.

Atado con copias de contratos, acordos, testamentos e doazóns relacionadas coas obras de diversas capelas e altares da Catedral compostelá.

C.- ACS, LD 19/5. Copias simples. Papel. 323x224 mm. 52 fols. Foliado. Castelán. Bo estado.

Numeración de fols: 14–65.

253

1571, febreiro, 1. Madrid.

Traslado do privilexio que Felipe II fixo a Pedro Varela, cardeal da Igrexa de Santiago de 53 637 maravedís para cobrar das alcabalas, décimos e alfolíns dalgunhas vilas do bispado de Tui, como Redondela, Salvaterra ou Baiona.

D.- ACS, LD 19/6. Copia impresa. Papel. 283x214 mm. [4] fols. Sen foliar. Castelán. Bo estado.

254

834, maio, 25 – 1777, febreiro, 6. San Lourenzo de Adrás.

Referencia do privilexio do rei D. Ramiro I á Igrexa de Santiago, concedéndolle o Voto de Santiago, e da bula pontificia confirmatoria, sacados do libro de fábrica da igrexa parroquial de San Lourenzo de Adrás.

C.- ACS, LD 19/7. Copia simple. Papel. 309x215 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

255

1802, xuño, 8 – 1805, setembro, 2. Santiago de Compostela.

Pedimento de Valentín Sisai de Andrade, en nome do cónego compostelán D. Pedro Antonio Sánchez, ante o asistente da cidade de Santiago, contra Francisco Xil, veciño da dita cidade, sobre una débeda por un empréstito de 721 reais que o devandito cónego lle fixera.

A.- ACS, LD 19/8. Orixinal. Papel. 316x228 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

256

1803, agosto, 26 – 1805, outubro, 8. Santiago de Compostela.

Pedimento de D. Francisco Xavier Estanga, como apoderado e ecónomo do arcebispo de Santiago, ante o asistente de Santiago, contra Francisco González, veciño de Santiago de Zorelle, arrendatario dos Votos de Maceda, por non pagar o correspondente aos froitos do ano 1804.

C.- ACS, LD 19/9. Copia simple. Papel. 304x216 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

257

1803, agosto, 26 – 1805, outubro, 8. Santiago de Compostela.

Pedimento de D. Francisco Xavier Estanga, como apoderado e ecónomo do arcebispo de Santiago, ante o asistente de Santiago, contra Xosé Vázquez, veciño de Santa María de Niñodagua, arrendatario dos Votos de Baños de Molgas, por non pagar o correspondente aos froitos do ano 1804.

C.- ACS, LD 19/10. Copia simple. Papel. 311x219 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

258

1407, xaneiro, 20. Sevilla.

Traslado notarial de 1458 do requirimento do arcebispo D. Rodrigo de Luna a diversos nobres galegos –entre eles Álvaro Pérez de Castro e Suero de Parada– para que acudisen nun prazo de quince días a reunirse con el e co Rei para axudar na guerra; de non facelo quitaríanselles as súas posesións.

B.- ACS, LD 19/11. Copia autorizada. Papel. 294x221 mm. 4 fols. Galego. Bo estado.

Anotación: Sumario tomo 1. Folio 3 o 4, n.º 12.

259

1457, xaneiro, 17 – 1589, marzal, 29. Santiago de Compostela.

Atado con traslados, por mandato do arcebispo Don Xoán de Sanclemente, que inclúe: a renuncia –polo prexuízo que para a Igrexa de Santiago puidese supoñer– de D.^a Xoana de Luna da propiedade da casa e fortaleza da Insua, que lle cedera o seu curmán,

o arcebispo compostelán D. Rodrigo de Luna; o xuramento de cumprimento do disposto anteriormente; e a aceptación do arcebispo da renuncia.

A/B.- ACS, LD 19/12. Orixinais e copias autorizadas. Papel. 311x219 mm. 21 fols. Galego e castelán. Bo estado.

Anotación: Sumario tomo 1. Fol. 313, n.º 40.

260

1458, marzal, 12 – 1589, marzal, 20. Santiago de Compostela.

Atado que, por mandato do arcebispo Don Xoán de Sanclemente, recolle os trasladados dos requirimentos realizados polo arcebispo compostelán D. Rodrigo de Luna aos cabaleiros Rodrigo de Moscoso, Álvaro de Soutomaior, Suero Gómez, Lopo Pérez, Pedro Vermúdez de Montaos, Álvaro de Taboada, Gonzalo Ozores, Gregorio de Mera, Rui Fernández de Caamaño, Ares López de Goiáns, Martiño Rodríguez de Xunqueiras, Basco Gómez de Langara, Rui de Bendaña e Álvaro Pulleiro para que o acompañasen en axuda do Rei na guerra de Granada.

A/B.- ACS, LD 19/13. Orixinal e copia autorizada. Papel. 308x206 mm. 17 fols. Galego. Bo estado.

Anotación: Sumario tomo 1º. Fol. 313 B, n.º 42.

261

1490, xullo, 23. Noia.

Partición dos bens de Lourenzo de Lesende e Aldonza Rodríguez realizada por Fernando Romeu e Gonzalo de Paz, propiedades das que lle interesa ao Cabido compostelán un casal en Entíns por estar en terra de Salnés, onde está a tenza de Sabardes.

A.- ACS, LD 19/14. Orixinal. Papel. 309x221 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

262

1509, marzal, 9. Padrón.

Foro do capelán da capela de Fernán Abril, na freguesía de San Miguel dos Agros, concordado polo cardeal compostelán Alonso de Oviedo. Afórase o casal «do Balado», na freguesía de Santa Ouxea de Salgueiros, coas súas herdades, a Rui de Pereira, notario.

A.- ACS, LD 19/15. Orixinal. Papel. 291x205 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

263

1563, xuño, 3. Ponte Sarandón.

Venda de Pedro Besteiro, veciño da freguesía de Santa Mariña de Agar, a García Núñez, veciño de Santiago, e á súa muller, Beatriz Núñez, de todas as posesións que pertencían á súa nai nos lugares de Cas de Pepe, Cas Dancedo e Valiñas, na freguesía de Agar.

A.- ACS, LD 19/16. Orixinal. Papel. 296x203 mm. 4 fols. Castelán. Bo estado.

264

1569, abril, 12. San Martiño de Rioboo.

Foro realizado por Gonzalo Pedrero, veciño da freguesía de San Pedro de Rebón, a Pedro de Vasco, veciño da freguesía de Santa Mariña de Agar, do lugar de Sorribas, por unha renda anual de catro fanegas de pan.

A.- ACS, LD 19/17. Orixinal. Papel. 288x209 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

265

1570, febreiro, 26 – xuño, 10. S.l.

Apeo realizado sobre o beneficio sinecura de San Vicenzo de Burres por mandato de Xoán Martiño, vigairo xeral do deán e Cabido de Santiago, para evitar as usurpacións ás que o beneficio se estaba vendo sometido.

A.- ACS, LD 19/18. Orixinal. Papel. 309x218 mm. 19 fols. Castelán. Bo estado.

266

1576, outubro, 24. Casano.

Apeo dos bens que a Igrexa de Santiago posúe na freguesía de San Xurxo de Nogueira, no arcepristado de Sobrado, por mandato do arcebispo D. Francisco Blanco tras unha visita. Inclúese o beneficio sinecura da igrexa de San Xurxo de Nogueira.

A.- ACS, LD 19/19. Orixinal. Papel. 306x213 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

267

1582, xaneiro, 17. Granada.

Traslado do testamento do prior e cóengo da Igrexa de Santiago D. Xoán Vidal, a petición do alcalde maior de Granada, o licenciado Cuéllar.

B.- ACS, LD 19/20. Copia autorizada. Papel. 312x220 mm. 18 fols. Castelán. Bo estado.

268

1592, maio, 23. Valladolid.

Traslado do testamento do cóengo maxistral da Igrexa de Santiago D. Xoán Xirón de Represa.

B.- ACS, LD 19/21. Copia autorizada. Papel. 302x215 mm. 16 fols. Orixinal. Castelán. Bo estado.

269

1468, xaneiro, 11. San Vicenzo de Cespón.

Atado que contén os requirimentos realizados polo arcebispo de Santiago D. Alonso de Fonseca II aos veciños das freguesías de San Vicenzo de Cespón, San Martiño de Oleiros, San Xián de Artes, Santa María de Xuño, San Pedro de Muros, Santo André de Cures, San Xoán de Macenda, San Sadurniño de Goiáns e San Martiño de Miñortos para que volvesen á obediencia do seu señor natural, o arcebispo compostelán, do que eran vasalos, e non seguisen aos sublevados na revolta irmandiña.

A.- ACS, LD 19/22. Orixinais. Papel. 307x213 mm. 6 fols. Castelán. Bo estado.

Nota: *Se tomó razón a folio 277b del tomo 3 del Sumario.*

Ed.- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M., «San Vicenzo de Cespón na Idade Media. Historia, poder, mentalidade e territorio. Apéndice 1: Documentación medieval», en AYÁN, Xurxo M. (coord.), *De Sancti Vicentii de Sispalona San Vicenzo de Cespón*, A Coruña, 2007, pp. 153–155.

270

1544, outubro, 24 – 28. Santiago de Compostela.

Expediente do preito entre Gómez Pérez das Mariñas e a Igrexa de Santiago sobre a xurisdición civil e criminal do lugar do Caramiñal. Inclúese: a petición da Igrexa

de Santiago de que se lle dese traslado dos privilexios e doazóns que se lle concederan relacionados con este lugar (1544, outubro, 24); copias dos privilexios dos monarcas Afonso II (835, setembro, 4), Ordoño I (844), Froila II (922 [?], xuño, 29) e Ramiro II (931, febreiro, 27 ou 28 e 934, febreiro, 21); e o traslado dun poder concedido ao licenciado Pedro Vázquez e a Alonso de Casares, para que puidesen actuar en preitos e causas da Igrexa compostelá.

A.- ACS, LD 19/23. Orixinal. Papel. 306x212 mm. 11 fols. Castelán e latín. Bo estado.

271

1560, xuño, 15. Santiago de Compostela.

A petición de Xoán Porra, alcalde de Santiago, o cóengo da Igrexa de Santiago, Aníbal Rodríguez, e Francisco do Rego, racioneiro, concordan e validan os traslados realizados de varias doazóns dos monarcas Ordoño II (915, xaneiro, 29), Afonso V (1019, marzal, 30) e do «comes» Gómez González (1186, marzal, 6). Todo polo preito que sustiña a Igrexa compostelá cos veciños do porto de Ares.

A.- ACS, LD 19/24. Orixinal. Papel. 305x215 mm. 8 fols. Castelán. Estado regular.

272

1819, outubro, 22. S.l. – 1819, decembro, 22. Corcubión.

Preito mantido entre, por unha parte, o deán e Cabido de Santiago e o seu procurador, Caetano Moreira, e, pola outra, D. Bernardo do Río e Lema, cura de Santa María de Portas, acerca do pago do décimo do beneficio.

A.- ACS, LD 19/25. Orixinal. Papel. 315x218 mm. 5 fols. Castelán. Bo estado.

273

1446, decembro, 5 – 1615, maio, 1. S.l.

Libro da tenza de Santa María de Arcos da Condesa, que recolle preitos, testamentos, foros e instrumentos diversos relacionados con esta tenza da Igrexa de Santiago. Son principalmente copias, aínda que se incorpora tamén algún pergameo orixinal.

A/B.- ACS, LD 19/26. Orixinais e copias autorizadas. Papel. 313x225 mm. 191 fols. Foliado. Castelán. Bo estado.

Anotación: Legajo 2º.

274

1881, febreiro, 21. Santiago de Compostela.

Interrogatorio en 14 capítulos presentado como proba testemuñal no expediente que o canteiro da cidade de Santiago D. Andrés Ferrín –que levara a construción de varias casas na Fonte Sequelo, entre outras– promovera para acadar a defensa de pobre.

A.- ACS, LD 19/27. Orixinal. Papel. 311x219 mm. 2 fols. Castelán. Bo estado.

275

1690, decembro, 16 – 1732, novembro, 4. Padrón.

Libro coas contas tomadas aos mordomos das igrexas de Santa María de Iria e de Santiago na vila de Padrón. Comézase coa notificación impresa de D. Miguel Herrera y Esgueva, arcebispo de Santiago, do breve emitido por Inocencio XIII para corraxir os abusos que se introduciran na Igrexa española (1724, decembro, 31).

A.- ACS, LD 20/1. Orixinal. Papel. 319x243 mm. 490 fols. Foliado. Castelán. Bo estado.

276

1747, setembro, 17. El Buen Retiro.

Cédula real de Felipe V que aproba a concordia entre a Igrexa Catedral de Lugo e o priorado de San Martiño da Cova, acerca da xurisdición do priorado; copia realizada a petición da Igrexa de Lugo.

B.- ACS, LD 20/2. Copia autorizada. Papel. 302x212 mm. 35 fols. Castelán. Bo estado.

Portada a tinta de cores sobre pergameo.

277

1500, maio, 10. Sevilla.

Traslado dunha carta de intimación dunhas letras apostólicas dirixida polo bispo de Xaén á Igrexa de Ourense para que pague o subsidio acordado na Congregación de Castela de 1495.

B.- ACS, LD 20/3. Copia autorizada. Papel. 425x299 mm. 1rº. Castelán. Bo estado.

278

1807, novembro, 28. Vigo – 1807, decembro, 2. S.l.

Alegacións ante o oficio de Figueroa na Real Audiencia de Galicia presentadas por varios veciños da freguesía de Santa Cristina de Lavadores contra o pedimento librado ante o asistente de Santiago polo abade e párroco da freguesía, D. Antonio Domínguez do Vilar, que pretendía que lle pagasen décimos do producido en certos muiños da zona, algo que os denunciante declaran que nunca se fixera.

A.- ACS, LD 20/4. Orixinal. Papel. 314x216 mm. 3 fols. Castelán. Bo estado.

279

S. xv.

Tombo do mosteiro de Sancti Spiritus da vila de Melide con documentación entre 1379, decembro, 12 e 1553, marzal, 7.

A.- ACS, LD 21. Orixinal. Pergameo. 375x254 mm. 90 fols. Foliado. Galego e castelán. Bo estado.

Anotación na portada: *Libro 1º de Mellid.*

Bibl.- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Xosé M., *Milites Templi. A Orde do Temple na vila de Melide*, Melide, 2006¹.

280

Post. 1784 – ant. 1828.

Libro que contén o índice e as referencias dos documentos existentes no arquivo do colexio de Sancti Spiritus de Santiago.

A.- ACS, LD 22. Orixinal. Papel. 419x297 mm. Castelán. Bo estado.

281

1519, xaneiro, 18 – 1581, febreiro, 14.

Tombo con documentación do mosteiro de Santa María a Nova, compilación realizada por orde do P. Fr. Domingo de Oporto.

A.- ACS, LD 23. Orixinal. Papel. 444x300 mm. 351 fols. Castelán. Bo estado. Restaurado.

¹ Publicación dalgúns documentos do tomo.

282

1198, marzal, 28 – 1577, novembro, 6.

Cartulario do mosteiro de Santa Clara de Santiago, integrado por 150 documentos cosidos, incluíndo doazóns, vendas, foros, apeos e algún privilexio real.

A.- ACS, LD 24. Orixinal. Pergameo. 277x250 mm. 165 fols. Latín, castelán e galego. Bo estado. Restaurado; documentos por separado tras a restauración. Con índice.

Anotación: *Libro 19.*

283

1590, xullo, 27 – 1825, agosto, 15.

Atado que contén cosidas 25 bulas, dos pontífices Pablo V, Benedicto XIII, Inocencio XII, Inocencio XIII, Alexandre VII, Clemente X, Clemente XI, Clemente XII e León XII, ademais de 8 documentos, todos eles impresos e relacionados con diversas institucións compostelás.

A.- ACS, LD 25. Orixinal. Papel. 428x340 mm. 36 fols. Castelán e latín. Bo estado.

284

[cc. 936]. S.l.

Copia do século XII do documento fundacional do mosteiro de Caaveiro; presenta unha datación errónea e corrixida; o texto imita a letra visigótica aínda que se aprecian xiros de carolina.

C.- ACS, LD 26/1. Copia simple. Pergameo. 435x573 mm. 1rº. Latín. Bo estado. Multitude de firmas e roboracións.

Bibl.- GURRUCHAGA SÁNCHEZ, Marina, «La fundación del monasterio de Caaveiro (La Coruña): nueva documentación», *Faventia*, 21/2, 1999, pp. 129–141.

LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, t. II, Santiago de Compostela, 1900, ap. LVI.

285

1175 – 1190. S.l.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Pedro Pérez, de diversos casais en Fonte Auria a Pelaxio Pérez e a súa muller.

A.- ACS, LD 26/2. Orixinal. Cp/abc. Pergameo. 313x99 mm. 1rº. Latín.
Restaurado. Estado regular.

286

1185, s.m., s.d. – 1213, marzal, 15. S.l.

Venda da herdade de Aián por parte de María Díaz e os seus fillos, S. García Fróilaz e Suerio Fróilaz, a García Rodríguez por prezo de 120 soldos.

C.- ACS, LD 26/3. Copia simple. Pergameo. 432x121 mm. 1rº. Latín.
Restaurado. Estado regular.

No dorso: *San Martín. Mazo 80.*

287

1213, marzal, 15. S.l.

Venda de P. García, miles, a I. Pérez e a súa muller, M. Fernández, de todas as súas propiedades na herdade de Aián.

C.- ACS, LD 26/3. Copia simple. Pergameo. 432x121 mm. 1rº. Latín.
Estado regular.

No dorso: *San Martín. Mazo 80.*

288

Ss. XII – XIII.

Contas, rendas e propietarios da herdade de Aián.

C.- ACS, LD 26/3. Copia simple. Pergameo. 493x121 mm. 1rº. Latín.
Estado regular.

No dorso: *San Martín. Mazo 80.*

289

1225, maio, s.d. S.l.

Foro do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro a Pelaxio Martiño, miles de Beiro, da viña e casal de Susao.

A.- ACS, LD 26/4. Orixinal. Cp/abc. Pergameo. 123x160 mm. 1rº. Latín.
Estado regular.

290

1235 – 1242, maio, 11. S.l.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Miguel Pérez, a Pedro Eanes e a súa muller, polo tempo das súas vidas e a do seu fillo, das casas que o mosteiro tiña en San Miguel, coa súa cortiña e o seu ortis et praciis por unha renda de 3 soldos anuais.

ACS, LD 26/5. Orixinal. Cp/abc. Pergameo. 250x140 mm. 1rº. Latín. Bo estado.

291

Post. 1237, maio, 3. S.l.

Testamento de Xoán Elías no que establece ser enterrado no mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, realízanse diversas doazóns á institución e establécese a celebración do aniversario do seu falecemento e o do seu pai.

A.- ACS, LD 26/6. Orixinal. Pergameo. 359x132 mm. 1rº. Latín. Restaurado. Estado regular.

292

1250, xaneiro, 30. S.l.

Venda de Lopo Pérez ao mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro e o seu abade, Xoán, de varias propiedades, entre elas as que posuía en Susano.

A.- ACS, LD 26/7. Orixinal. Pergameo. 98x290 mm. 1rº. Latín. Estado regular.

293

S. XIII-XIV. S.l.

Foro do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro a Xoán López do lugar de Casardoño, en San Xoán de Saidres.

A.- ACS, LD 26/8. Orixinal. Pergameo. 134x136 mm. 1rº. Galego. Mal estado.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 710vº.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *El Archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, t. II, A Coruña, 1999, p. 982, doc. 207.

294

Cc. 1263. S.l.

Declaración de varias testemuñas a petición do procurador do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, Pedro Domínguez, contra Vasco Pérez, que tiña pola forza os casais de Barro e da Fontenla, na villa de Brués, pertencentes á devandita institución.

A.- ACS, LD 26/9. Orixinal. Pergameo. 362x131 mm. 1rº. Galego. Estado regular. Incompleto; fáltalle a parte inferior.

295

1275, abril, s.d. S.l.

Venda de Pedro Pérez, chamado Chouleiro, a Pedro Peláez, chamado Beizudo, e a súa muller, Elvira Pérez, de todas as súas posesións na vila de Viaño Pequeño (Bianio) e na freguesía de San Xoán de Campo, por prezo de 20 soldos.

A.- ACS, LD 26/10. Orixinal. Pergameo. 149x177 mm. 1rº. Latín. Estado regular.

Anotación: Mazo 2º. Pieza 27.

296

1279, setembro, 3. S.l.

Afonso Eanes de Mozorín recibe, por el e pola súa dona, un foro do monxe Martiño Pérez, en nome do mosteiro de San Martiño Pinario, sobre a metade do casal de Saiar, a metade da herdade de Senras, a metade da leira da herdade de Almu[...], no lugar do Cepo, e a metade da herdade do casal de Gándara.

A.- ACS, LD 26/11. Orixinal. Pergameo. 158x215 mm. 1rº. Galego. Estado regular. Incompleto; fáltalle un fragmento inferior.

297

1285 – 1287. S.l.

Litteræ de Honorio IV, pola que se concedía aos relixiosos das «ordinis predicatorum», aos dominicos, o privilexio de componse ata unha determinada cantidade.

A.- ACS, LD 26/12. Orixinal. Pergameo. 294x486 mm. 1rº. Latín. Mal estado. Restaurado.

Antes da restauración formaba unidade co n.º 359, 372 e 373.

298

1289, febreiro, 4. S.l.

Acordo entre os vigairos e representantes da confraría de cambiadores da cidade de Santiago e os ourives, polo que se lles concedían a estes últimos os privilexios da confraría, tales como mencións en misas, oracións, festas, etc., e como contrapartida establecíase a obrigatoriedade de que acudisen, para calquera preito, á propia institución e aos seus vigairos. Restrinxeselles, ademais, o emprego de prata e regúlase o axuste das balanzas. Copia do século xv.

C.- ACS, LD 26/13. Copia simple. Pergameo. 332x233 mm. 1r^o-v^o. Galego. Bo estado.

Bibl.- CAMPOS SOUTO, María Begoña, «La revisión de un texto perdido en la memoria: el 'Libro dos Cambeadores da cidade de Santiago'», *Actes del VII Congrès de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*, Castellón de la Plana, 1999, vol. I, pp. 421-430.

299

1399, outubro, 17. S.l.

Gonzalo de Valença, mercador, fillo de Xoán de Valença, vende dúas casas na santiaguesa rúa dos Ferreiros, na colación de San Fiz de Solovio, a Fernán Gonzalves do Preguntoiro e Pero Domínguez, cambiadores e compradores en nome dos vigairos e confraría de cambiadores de Santiago. Véndelles tamén outra casa cerca da capela de San Beiro, todo por 1450 marabedís. Copia do século xv.

C.- ACS, LD 26/13. Copia simple. Pergameo. 331x239 mm. 1v^o. Galego. Bo estado.

Bibl.- CAMPOS SOUTO, María Begoña, «La revisión de un texto perdido en la memoria: el 'Libro dos Cambeadores da cidade de Santiago'», *Actes del VII Congrès de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval*, Castellón de la Plana, 1999, vol. I, pp. 421-430.

300

1293, outubro, 20. S.l.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Fr. Xoán de Deus, a Xoán Fernández, crego de Santa María de Bemil, e a súa nai, de varias herdades na vila de Soutelo, que o crego vendera ao mosteiro.

A.- ACS, LD 26/14. Orixinal. Pergameo. 213x202 mm. 1r^o. Latín. Mal estado; falta a metade.

Ref.- AHD, San Martín, c. 32 (Tombo XII), fols. 245rº e 299rº.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 377, doc. 494.

301

1294, s.m., s.d. S.l.

Venda realizada por un monxe de Santa María Madanela, da Ponte Ulla, en nome de Xoán Pérez, a Pedro Eanes, de varias casas e cortiñas na Ponte Ulla.

A.- ACS, LD 26/15. Orixinal. Pergameo. 182x261 mm. 1rº. Galego. Regular conservación.

302

1297 – 1302, xullo, 13. S.l.

Foro do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro realizado sobre unha herdade en Socadea de San Martiño, por unha renda de 100 marabedis anuais.

A.- ACS, LD 26/16. Orixinal. Cp/Abc. Pergameo. 182x162 mm. 1rº. Galego. Mal estado.

303

1325, maio, 18. S.l.

Ampliación por tres anos do arrendamento que Xoán Mariño, escudeiro, fillo de Pero Eanes Mariño, fixera a Xoán Míguez, tendeiro de Santiago, de todas as súas posesións na freguesía de San Xián de Laiño, por 300 marabedis anuais. Arrenda, ademais, por un tempo de dous anos, que comezarán a contar dende o día de San Xoán de 1326, as súas propiedades nas freguesías de Santa María de Leiro e Santa Comba de Rianxo, por 250 marabedis.

A.- ACS, LD 26/17. Orixinal. Pergameo. 442x184 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

Anotación: N.º 70.

304

1337, xullo, 1. S.l.

Acordo do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro e o seu abade, Vasco Rodríguez, con Mencía Gómez, polo cal o mosteiro lle afora a metade do couto de

Soutolongo, na freguesía de Santa María de Soutolongo, a cambio a propia Mencía dispón a doazón á institución de diversos bens en Carracedo, San Paio de Lodeiro, Santiago de Catasós e San Martiño de Lalín.

A.- ACS, LD 26/18. Orixinal. Pergameo. 587x222 mm. 1rº. Galego. Restaurado. Estado regular.

Ref.- AHD, San Martín, c. 32 (Tombo XIII), fol. 389rº-vº.

Reg. LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. II, p. 998, doc. 311.

305

1340, febreiro, 19. S.l.

Foro do mosteiro de Cines e o seu abade [...] Pérez a Aras Fróilaz e a súa dona, Marina Pérez, dunha herdade entre Mandaio e Veis, por unha renda de 100 soldos anuais.

A.- ACS, LD 26/19. Orixinal. Pergameo. 169x111 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

306

1348, xullo, 7. S.l.

Testamento da especieira Elvira Pérez no que ordena ser enterrada no mosteiro de Santa Clara de Santiago, vestindo un hábito como o das monxas; realiza ademais multitude de mandas testamentarias dirixidas ao propio mosteiro, entre outras institucións.

A.- ACS, LD 26/20. Orixinal. Pergameo. 460x410 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

Ed.- RODRÍGUEZ NÚÑEZ, Clara Cristela, «La Colección diplomática de Santa Clara de Santiago», *Liceo Franciscano*, XLV, Santiago de Compostela, 1993, p. 90, doc. 423.

-LÓPEZ FERREIRO, A., *Galicia Histórica. Colección Diplomática*, Santiago de Compostela, 1901-1903, pp. 193-197, doc. XLI.

307

1353, decembro, 8. S.l.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinarío e o seu prior, Gómez Eanes, a Fernán Soneira, escudeiro morador en Ruíz, de todas as casas e herdades do mosteiro na vila de Ruíz, por unha renda dunha taleiga de trigo e 4 capóns. Inclúese un poder da institución

e o seu abade en favor de Gómez Eanes, no que o autorizan a aforar e arrendar propiedades en nome do propio mosteiro.

A.- ACS, LD 27/1. Orixinal. Pergameo. 217x198 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

308

1357, marzal, 23. S.l.

Lopo Eanes, abade do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, e Gomes Afonso, prior, arrendan a Pedro Fernández e a súa muller, Inés Pérez, o couro de Santo Isidro, por un tempo de 20 anos.

A.- ACS, LD 27/2. Orixinal. Cp/abc. Pergameo. 273x198 mm. 1rº. Galego. Restaurado. Regular conservación.

309

1363, maio, 21. S.l.

Pescuda e declaración de veciños do couro de Moraes, en Santa María de Cambre, declaran que o lugar pertence ao mosteiro de San Paio de Antealtares e que eles se acollen á dependencia da institución.

A.- ACS, LD 27/3. Orixinal. Pergameo. 434x151 mm. 1rº. Galego. Regular conservación. Incompleto; fáltalle a parte inferior.

C.- AHUS, II, Clero, c. 138/2.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 545, doc. 70.

310

1366, agosto, 5. S.l.

Xoán Fernández, abade do mosteiro de San Martiño Pinario, afora a Alvar Rodríguez Carmona, escudeiro, e á súa dona, Elvira González, o casal de Escarda, na freguesía de Santa Baia de Arealonga, polo tempo das súas vidas e unha voz e por unha renda anual de 25 canadas de viño e tres oitavas de pan. Aparece unha procuración do mosteiro, datada o 21 de abril de 1365, na que autorizan o abade a realizar aforamentos das propiedades da institución en nome desta. Insire poder notarial.

A.- ACS, LD 27/4. Orixinal. Pergameo. 431x187 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

Ref.- AHD, San Martín, c. 32 (Tombo XIII), fol. 142rº.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 410, doc. 711.

311

1372, decembro, 27. San Salvador de Cines.

Foro do mosteiro de San Salvador de Cines e o seu abade, Pedro Domingues, a Lopo Núñez de Oia, escudeiro, polo tempo da súa vida e unha voz, de todas as posesións do mosteiro no barral de Figueira, freguesía de Santa María de Lesa, e da terceira parte da presentación do beneficio sinecura da igrexa de San Xulián de Coirós, todo isto por unha renda de 10 maravedís anuais. Pola súa banda, Lopo Núñez dá ao mosteiro todas as posesións que foran do seu avó, Pedro Mendes, no barral de Espinuca.

A.- ACS, LD 27/5. Orixinal. Pergameo. 401x250 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

312

1377, decembro, 20. S.l.

Venda de Pedro Barvalla, morador en Eleixis, a Gonzalo Mínguez, de todas as súas posesións no lugar de Chorente, freguesía de San Xulián de Moraime, por un prezo de 12 libras.

C.- ACS, LD 27/6. Copia. Pergameo. 299x188 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

313

1380, decembro, 25. S.l.

O mosteiro de San Xulián de Moraime e o seu abade, Xoán Afonso, aforan a Tereixa Eanes, viúva de Xoán de Vilar, ao seu fillo Gonzalo Mínguez, capelán de Moraime, e ao seu irmán Fernán de Bouzas, monxe de San Xulián de Moraime, o casal que fora de Xoán de Vilar e o forno de Inés Fernández, polo tempo das súas vidas e renda anual dun azume de vino vello e un maravedí.

C.- ACS, LD 27/6. Copia. Pergameo. 299x188 mm. 1rº. Galego. Regular conservación.

314

1381, novembro, 28. S.l.

Xoán Fernández, abade do mosteiro de San Martiño Pinario, afora a Pero Soureira Afonso un casal e herdade no lugar de Pazos de Sourar e a herdade de Liñares, por unha renda anual de 4 taleigas de pan –de dous terzos de centeo e outro de millo– e un par de capóns.

A.- ACS, LD 27/7. Orixinal. Pergameo. 250x290 mm. 1rº. Galego. Bo estado; falta un fragmento superior e outro inferior.

315

1382, marzal, 24. Santiago de Compostela.

Sentenza de Álvaro Afonso, cóengo compostelán e vigairo, dun preito entre o mosteiro de San Salvador de Bergondo e Tereixa Pérez e Roi Pérez, polo casal sito en Valiña, do cal se negaban a pagar a renda estipulada, que xa ascendía a varios toneis de viño, resólvese a favor do mosteiro e obriga ao pagamento.

A.- ACS, LD 27/8. Orixinal. Pergameo. 297x378 mm. 1rº. Galego. Estado regular. Falta a parte superior. Restos do selo na parte inferior.

316

Post. 1384. S.l.

Testamento de Paio Mariño no que se recollen diversas mandas, principalmente dirixidas a institucións eclesiásticas, entre outras: o Hospital de Xerusalén, Santa María de Sar, San Martiño Pinario, San Xusto ou San Paio de Antealtares.

A.- ACS, LD 27/9. Orixinal. Pergameo. 300x 190 mm. 1rº. Latín. Regular conservación. Fragmento.

317

1387, maio, 10. Betanzos (?).

Fr. Afonso Eanes, polo mosteiro de San Salvador de Cines, afora a Lope de Ponte e a súa dona, Sancha González, unha herdade na freguesía de San Nicolao de Cis, por unha renda da cuarta parte do pan, millo miúdo e o que labrasen nela, e a metade da froita recollida.

A.- ACS, LD 27/10. Orixinal. Pergameo. 263x154 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

318

1388, abril, 25. S.l.

Xoán Pérez, criado de Domingo Pérez, presenta unha carta deste na cal declara que recibiu do mosteiro de San Paio de Antealtares 600 marabedís, por razón do xantar que o Rei lle concedera a Domingo, por medio dun albará.

C.- ACS, LD 27/11. Copia simple. Pergameo. 446x307 mm. 1vº. Galego. Mal estado. Restaurado.

319

1389, febreiro, 2. S.l.

Partición de bens na freguesía de San Mamede de Corvillón por orde do deán de Santiago, D. Gonzalo Sánchez de Bendaña.

A.- ACS, LD 27/12. Orixinal. Pergameo. 428x240 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

320

1389, decembro, 19. S.l.

O mosteiro de San Paio de Antealtares e o seu abade, Rui Peres, aforan a Xoán de [...], todas as herdades que a institución posuía no casal de Souto e de [...], polo tempo da súa vida e dúas voces.

C.- ACS, LD 27/11. Copia simple. Pergameo. 446x307 mm. 1vº. Galego. Mal estado. Restaurado.

321

1390, xullo, 9. S.l.

Suero Afonso, xuíz de Montes, recibe un foro de Roi Vázquez, monxe do mosteiro de San Martiño Pinario, de todas as herdades e casas que a audiencia do mosteiro posuía nas vilas de Parafita de Fondo e Parafita de Cima, na freguesía de Santa María de Nigoi, por un tempo de 19 anos e unha renda anual de oito marabedís.

A.- ACS, LD 27/13. Orixinal. Pergameo. 139x238 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

322

1390, xullo, 25 – 1398. S.l.

Asentamentos dos seguintes documentos de San Paio de Antealtares: foro do mosteiro de San Paio de Antealtares e o seu abade, Roi Pérez, a Fernán Gómez, morador na freguesía de San Paio de Coristanco, e os seus fillos, Pero Fernández e Elvira Fernández,

dunha casa na devandita freguesía, que pertencía á audiencia do pan do mosteiro, por unha renda dun sángano e dous capóns anuais, e polo tempo das súas vidas; renuncia do aforamento que o mosteiro de San Paio de Antealtares fixera sobre a terceira parte da vila de Noia (1391, xaneiro, 6); foro do mosteiro de San Paio de Antealtares e o seu abade, Roi Pérez, a Gómez Vázquez da terceira parte da vila de Noia (1394–1398).

C.- ACS, LD 27/11. Copia simple. Pergameo. 446x307. 1rº. Galego. Estado regular. Restaurado.

323

1394, outubro, 11. Alemparte (San Paio de Paradela).

Acordo entre diversos veciños da freguesía de San Paio de Paradela e D. Lopo Fernández, abade do mosteiro de Santo Antoño de Toques, polo cal o décimo do pan que lle tiñan que pagar á institución sería entregado na propia freguesía, sen necesidade de que o levasen ao mosteiro.

C.- ACS, LD 27/14. Copia simple. Pergameo. 239x265 mm. 1rº. Galego. Estado regular.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 714vº.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. II, p. 1210, doc. 54.

324

1399, setembro, s.d. S.l.

Foro do mosteiro de San Paio de Antealtares e o seu abade, Lopo Fernández, a Rui Fernández, monxe do dito mosteiro, dos casais da herdade de Rial Telleiro e de Rial [...], polo tempo da súa vida e por unha renda de 15 soldos anuais.

A.- ACS, LD 27/15. Orixinal. Pergameo. 190x300 mm. 1rº. Galego. Restaurado. Estado regular.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 714rº.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 683, doc. 187.

325

1400, novembro, 3. S.l.

O mosteiro de San Martiño Pinarío e o seu abade, Fernán García, aforan a Martiño Serpe, fillo de Vasco Serpe e Mencía Vázquez, dous casais da herdade de Bembibre, na freguesía de San Salvador de Bembibre, que pertencían á mesa do abade, por unha renda de 20 marabedís anuais e polo tempo das súas vidas.

A.- ACS, LD 27/16. Orixinal. Pergameo. 261x273 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 815, Índice de foros II, p. 261.

Ref.- AHD, San Martín, caixa 33, fol. 336vº.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, pp. 422–423, doc. 784.

326

1401, febreiro, 13. Barral de [...].

Pescuda e declaración dos veciños de Monte Furado, que pertence ao mosteiro de San Pedro de Fôra, afirmando que nunca lles pagaran a talla, nin imposto ningún aos señores de Avanqueiro; Afonso Sánchez de Gres confirma tal condición.

C.- ACS, LD 27/17. Copia simple. Pergameo. 272x359 mm. 1rº. Galego. Mal estado.

Ref.- AHD, San Martín, caixa 32, mazo 66/24, fol. 422vº.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. II, p. 826, doc. 56.

327

1401, abril, 5. S.l.

Foro do mosteiro de San Paio de Antealtares e o seu abade, Lopo Fernández, a Fr. Martiño, prior do dito mosteiro, do couto de Boiro, en terra de Dubra, e dos casais e herdades de Nogueira, Touriz, Sabucedo, Figueiras e Pazos, no couto de Xallas, todo por 50 soldos anuais. Afórannlle tamén unha casa na entrada do mosteiro, por 30 soldos anuais, e outra na rúa do Preguntoiro, por oito marabedis e un azume de viño por ano.

A.- ACS, LD 27/18. Orixinal. Pergameo. 238x232 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

328

1402, abril, 17. S.l.

Acordo entre o mosteiro de San Martiño Pinario e veciños de Vilanova de Arousa sobre unha viña do propio mosteiro no dito termo, que finalmente é aforada a Pedro Fernández de Arousa.

A.- ACS, LD 27/19. Orixinal. Pergameo. 693x292 mm. 1rº. Galego. Estado regular.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 814, Índice de foros I, p. 291.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 427, doc. 814.

329

1405, outubro, 15. S.l.

Lectura da orde do arcebispo de Santiago, D. Lope de Mendoza, datada o 15 de agosto, aos veciños de Santa Baia de Arealonga para que realizasen, so pena de excomunión, a partición das terras que nese termo pertencían ao mosteiro de San Martiño Pinario.

A.- ACS, LD 27/20. Orixinal. Pergameo. 323x386 mm. 1rº. Galego. Bo estado, a pesar de que lle faltan algunhas partes. Restaurado.

330

1405, outubro, 29. S.l.

Testamento de Xoán de Padrón, escribán, no cal deixa como herdeiras as súas fillas Margarita, Catalina, María e o fillo ou filla de que estaba embarazada a súa muller; en caso de falecemento dos herdeiros a Igrexa de Santiago sería a depositaria.

A.- ACS, LD 28/1. Orixinal. Pergameo. 173x315 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

331

1406, xaneiro, 17. S.l.

Testamento de María Afonso de Caldas, no que realiza múltiples doazóns a San Martiño Pinario, entre outras institucións, e varias mandas para a celebración de misas pola súa alma.

A.- ACS, LD 28/2. Orixinal. Pergameo. 542x422 mm. 1rº. Galego. Restaurado. Bo estado.

Ref.- AHD, San Martín, carp. 53, Índice de notas II, p. 181 (Lib. 20, fol. 151).

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 822, Índice de foros IX, p. 279 (Lib. 29 D de foros, fol. 179).

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 431, doc. 834.

332

1407, maio, 27. S.l.

Intercambio de propiedades entre Gonzalo López e Fr. Martiño Afonso, abade do mosteiro de San Paio de Antealtares, polo que aquel dá un casal na freguesía de San

Cristovo de Abanqueiro, que posuía por herdanza de seu pai, Guter Martiño, e recibe a cambio varios casais propiedade do mosteiro, entre eles o do Sisto, na freguesía de Santo André de Órrea.

A.- ACS, LD 28/3. Orixinal. Pergameo. 299x296 mm. 1r°. Galego. Bo estado, aínda que lle falta un fragmento no centro. Restaurado.

333

1408, novembro, 26. S.l.

Foro de Fr. Vasco, monxe do mosteiro de San Paio de Antealtares, a Xil Fernández do casal de Soutullo, na freguesía de San Salvador de Erbecedo, por tres rapadas de trigo limpo anuais.

A.- ACS, LD 28/4. Orixinal. Pergameo. 204x311 mm. 1r°. Galego. Bo estado aínda que incompleto; fáltalle a parte dereita.

C.- AHUS, II, Clero, atado 897. fols. 14v°–15v°. Copia simple.

Ref.- AHD, San Martín, c. 32 (Tombo XIII), mazo 25/20, fol. 48r°–v°.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 560, doc. 147.

334

1409, xaneiro, 17. S.l.

Foro do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro a Afonso Eanes, morador en San Salvador de Pazos, de tres leiras de herdade de souto e monte bravo na freguesía de San Miguel de Lebosende, polo tempo da súa vida e tres voces, coa obriga de plantar, na primeira delas, viñas durante os primeiros 12 anos, e dar anualmente un cuarto das uvas, pagará ademais 12 marabedís anuais de renda pola segunda.

A.- ACS, LD 28/5. Orixinal. Pergameo. 373x192 mm. 1r°. Galego. Bo estado.

Ref.- AHD, San Martín, c. 33 (Tombo XIV), mazo 71/8, fol. 238v°.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 717r°.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 819, Índice de foros VI, p. 235.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. II, p. 1008, doc. 377.

335

1409, marzo, 30. Perpiñán (Francia).

Breve de Benedicto XIII ao xuíz apostólico Álvaro Afonso Iuliate para que confirme a anexión realizada polo arcebispo de Santiago en favor do mosteiro de San Martiño Pinario do beneficio de Santa María de Rus.

A.- ACS, LD 28/6. Orixinal. Pergameo. 233x242 mm. 1rº. Latín. Estado regular. Restaurado. Unido antes da restauración a n.º 2 (LD 1/2).

336

1411, setembro, 31. S.l.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinario a Gonzalo Afonso, clérigo de San Xoán de Arcos, do casal de Laxe, na freguesía de Santa Mariña de Gomariz, polo tempo da súa vida e tres voces, e coa condición de que, nos catro anos seguintes, plantase viñas, pagará por unha renda unha cuarta parte do viño.

A.- ACS, LD 28/7. Orixinal. Pergameo. 250x272 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 717vº.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 818, Índice de foros V, p. 438.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 436, doc. 868.

337

1411, novembro, 19. Ourense.

Confirmación do xuíz apostólico Álvaro Afonso Iuliate da anexión do beneficio de Santa María de Rus ao mosteiro de San Martiño Pinario, anexión realizada polo arcebispo de Santiago.

A.- ACS, LD 28/8. Orixinal. Pergameo. 440x288 mm. 1rº. Latín. Bo estado. Restaurado. Unido antes da restauración a n.º 2 (LD 1/2).

338

[1414], s.m., s.d. S.l.

Pescuda realizada polo mosteiro de San Martiño Pinario sobre as propiedades que tiñan aforadas na Vila de Abade e que, por orde do arcebispo, debían ser marcadas e delimitadas, en concreto os casais de Outeiro, Maceiras e Tallo Souto.

A.- ACS, LD 28/9. Orixinal. Pergameo. 506x198 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 826, Índice de foros XIII, p. 306.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 439, doc. 889.

339

1414, xullo, 15. S.l.

Sentenza dun preito entre Illa Eanes e os seus fillos, Xil Raposo e Gonzalo Raposo, e o mosteiro de San Cristovo de Dorneá por unhas casas na rúa da Moeda Vella e nas freguesías de Sebastián de Castro e San Salvador de Trasanquelos, sentenza pola cal estes particulares quedarían coas casas en foro, pagarían ao mosteiro 15 libras anuais polo tempo das súas vidas e 29 anos.

A.- ACS, LD 28/10. Orixinal. Pergameo. 477x392 mm. 1rº. Galego. Bo estado, aínda que incompleto; fáltalle fragmento inferior.

340

1415, s.m., 6. San Domingos.

Pescuda do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro sobre as lutuosas pagadas no lugar das Teixeiras.

A.- ACS, LD 28/11. Orixinal. Pergameo. 553x279 mm. 1rº. Galego. Estado regular. Restaurado.

341

1416, maio, 30. Santiago de Compostela.

Traslado, a petición de Pero Eanes, còengo da Igrexa de Santiago, en nome desta institución, do testamento de Fr. Xoán de Freixo, bispo de Lugo, no cal se inclúe unha cláusula en favor do Cabido de Santiago.

A.- ACS, LD 28/12. Orixinal. Pergameo. 278x276 mm. 1rº. Galego e latín. Bo estado.

342

1416, decembro, 20. S.l.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Fernán García, a Xoán Baleato, morador en Santa María de Bardaos, e a súa dona, María Pérez, de todas as propiedades que Tereixa Alonso doara á mesa do abade da dita institución e situadas nas freguesías de Santa María de Parada, San Cristovo de Leobalde e Santa Comba de Tresteda, entre outras, foro realizado polo tempo das súas vidas e unha voz e por unha renda anual de 50 maravedís.

A.- ACS, LD 28/13. Orixinal. Pergameo. 399x283 mm. 1rº. Galego. Estado regular.

Ref.- AHD, San Martín, c. 32 (Tombo XIII), mazo 68/69, fol. 453vº.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 718rº.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 815, Índice de foros II, p. 129; atado 816, Índice de foros III, p. 232; atado 823, Índice de foros X, p. 89.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 440, doc. 895.

343

1417, s.m., 29. Xesende.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinarío e o seu abade, Fr. Fernán García, a Sancha Patina e ao seu fillo, Afonso Díaz, morador na freguesía de San Pedro de Cornazo, do lugar de Loureiro, do Pazo Novo, na mesma freguesía, polo tempo das súas vidas e dúas voces e por unha renda anual de 90 maravedís.

A.- ACS, LD 28/14. Orixinal. Pergameo. 348x287 mm. 1rº. Galego. Estado regular.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 718rº.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 817, Índice de foros IV, pp. 245-246.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 441-442, doc. 905.

344

1418, febreiro, 8. S.l.

Foro do mosteiro de San Martiño Pinarío e seu abade, Fernán García, a Gonzalo Vinare e a súa dona das propiedades do mosteiro en Mieites, na freguesía de Santo André de Cures, polo tempo das súas vidas, unha voz e 29 anos.

A.- ACS, LD 28/5. Orixinal. Pergameo. 212x312 mm. 1rº. Galego. Estado regular.

Ref.- AHD, San Martín, c. 35 (Tombo XII), mazo 17/1, fol. 355rº.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 718vº.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 817, Índice de foros IV, p. 371.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 442, doc. 908.

345

1418, setembro, 24. San Martiño Pinarío (Santiago de Compostela).

O mosteiro de San Martiño Pinarío e o seu abade, Fernán García, aforan a Gómez Gago e a súa muller, Urraca Fernández, moradores en Pontevedra, un terzo das

casas que a institución tiña na rúa da Moeda Vella de Santiago, e un eixido a carón da capela da Corticela, polo tempo das súas vidas, unha voz e 29 anos e por unha renda de 30 libras e 4 libras de aceite anuais.

A.- ACS, LD 28/16. Orixinal. Pergameo. 139x447 mm. 1rº. Galego. Estado regular.

Ref.- AHD, San Martín, c. 32 (Tombo XIII), mazo 46/7, fol. 203vº.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 718vº.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 825, Índice de foros XII, p. 164.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 442, doc. 910.

346

1418, setembro, 24. San Martiño Pinarío (Santiago de Compostela).

Foro do mosteiro de San Martiño Pinarío e o seu abade, Fernán García, a Gómez Gago e a súa muller, Urraca Fernández, moradores en Pontevedra, do casal e herdade de Couce do Monte, na freguesía de San Miguel de Deiro, polo tempo das súas vidas, unha voz e 19 anos, e por unha renda anual de 20 libras pequenas.

A.- ACS, LD 28/17. Orixinal. Pergameo. 226x389 mm. 1rº. Galego. Bo estado.

A.- AHD, San Martín, c. 57/55.

Ref.- AHD, San Martín, c. 35 (Tombo XII), mazo 1/13, fol. 260vº.

Ref.- AHUS, I, Universidade, atado 473, Inventario, fol. 718vº.

Ref.- AHUS, II, Clero, atado 817, Índice de foros IV, p. 432.

Rex.- LUCAS ÁLVAREZ, M., *op. cit.*, t. I, p. 184, doc. 221.

347

1420, xaneiro, 6. San Paio de Antealtares (Santiago de Compostela).

